EL GRAN CAMBIO

VOLVER A LA UNIVERSIDAD

Consello Social
Universidade de Vigo

Memoria ano 2015

Edición:
Consello Social da Universidade de Vigo

A presente Memoria de actividades foi elaborada por Ignacio Rodríguez Iglesias, secretario do Consello Social, e Mª Jesús Neches Rodríguez, administrativa do Consello Social.

Edificio Miralles
Campus Universitario
36310 Vigo
Telf.: 986 812 663
Fax.: 986 812 686

www.consellosocial.uvigo.es
secoso@uvigo.es

Impresión: Imprenta Mundo
Depósito Legal: OU 294-2016

EL GRAN CAMBIO

VOLVER A LA UNIVERSIDAD

Consello Social

Universidade de Vigo

Memoria ano 2015

ÍNDICE
MEMORIA CONSELLO SOCIAL 2015

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE 9

INTRODUCIÓN. FUNCIÓNS E COMPETENCIAS 12

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL 16

Membros a 31.12.15 17

Ceses e nomeamentos ao longo do ano 21

Representación noutros órganos 22

CREACIÓN DE COMISIÓNS DELEGADAS 26

Competencias e funcionamento 27

Comisión Executiva 28

Comisión Económica 28
Comisión de Actividades e Servizos 29

REUNIÓNS E ACORDOS 30
Datas das convocatorias e asistencias 31
Principais acordos adoptados polo Pleno 33
De carácter económico 33
De carácter académico 37
Principais acordos adoptados pola Comisión Executiva 40
Distribución e taxas de títulos propios e cursos da UVigo en 2015 43
Memorias finais recibidas 50
Principais acordos adoptados pola Comisión Económica 53
Principais acordos adoptados pola Comisión Actividades e Servizos 55

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL 62

REUNIÓNS E COMPARECENCIAS 64
Convocatorias oficiais 64
Asistencia a outros actos 71

RESUME DE ACTIVIDADES DO CONSELLO SOCIAL 90
Actos destacados 90
Publicacións 102
Revista de prensa 104

A UNIVERSIDADE DE VIGO EN DATOS. CURSO 2015-2016 108



Ernesto Pedrosa Silva
Presidente do Consello Social da UVigo

EL GRAN CAMBIO

VOLVER A LA UNIVERSIDAD

Es un hecho evidente que cada vez en mayor medida los ciudadanos reclaman otros modelos educativos, más flexibles y adaptados a las nuevas circunstancias vitales. La sociedad irrumpe con fuerza en la búsqueda del conocimiento. Y las universidades necesitan anticipar respuestas. Los programas comienzan a adecuarse a las necesidades de un mayor número de personas, y en particular a las demandas de la población adulta que demanda formación en la etapa intermedia o final de su vida laboral, por necesidad profesional o por el simple y puro placer de saber más.

Una rápida mirada alrededor evidencia que estudiar por vocación es ya una tendencia poderosa, a la que las universidades intentan adaptarse a gran velocidad, aunque bien es cierto que en nuestro entorno el marco legislativo va más lento y está poco desarrollado. Este contexto adverso tiene reflejo en la baja participación de la población adulta española en los programas universitarios respecto a la media de la UE. Pero la estadística no empequeñece la explosión producida por el ansia de saber, que se multiplica curso a curso, hasta el punto de crear un movimiento con volumen suficiente para alumbrar ya una tendencia sólida e irreversible.

Como presidente del Consello Social sostengo que los alumnos –en todos los niveles y en todos los aprendizajes- son uno de los componentes más sensibles y más dinámicos de cualquier Universidad. En ellos reside el mayor potencial porque

son los mejores transmisores de los beneficios que la institución universitaria debe reportar a su entorno, a la sociedad; y porque ellos serán el reflejo más fiable del éxito o fracaso del modelo universitario. Y si esto sirve para los jóvenes estudiantes, con más razón ha de ser aplicado a los mayores que se desenvuelven en ámbitos con retornos más sólidos y de más largo alcance.

Creo que de nada sirve crear un espacio uniforme para las universidades europeas, ni arbitrar los mejores planes de estudio, ni unificar facultades, ni dar pasos decisivos para la homologación o racionalización de títulos, si al final no conseguimos una universidad enriquecida y conectada con el sistema productivo, con la vida empresarial, con el mercado de trabajo... pero sobre todo con el pulso de la sociedad.

Y aquí es donde creo también que los alumnos senior son el más valioso argumento y la mejor garantía de que la universidad transita por el camino correcto. El acercamiento cada vez mayor que hacen a la educación superior, cómo aprovechan su saber, cuánto le piden y cuánto reciben transforma la existencia misma de las universidades, ensancha su legitimidad social y determina en buena medida su rentabilidad pública. Además, con ellos en las aulas, en esta época de planicies vitales, la universidad se convierte en un sentimiento vertical dentro de la sociedad y en una forja de valores especialmente saludables para la convivencia y la calidad de vida de todos nosotros.

Esos nuevos estudiantes son un claro horizonte en tiempos confusos. Y no solo porque ayudan a un cambio que a las universidades les cuesta y contribuyen a que la calidad y la rentabilidad de los recursos empleados en la enseñanza superior alcancen niveles óptimos. Es que además ayudan a la universidad a adquirir y cultivar una reputación absolutamente necesaria para su supervivencia, alumbran nuevos caminos para una universidad necesitada con urgencia de nuevos modos en la formación, en las relaciones, en los servicios y en las prestaciones; y ayudan también a entender que la docencia de "talla única" ya no es válida para este mundo digital. Son pioneros y precursores de horizontes que sin su presencia serían inalcanzables, porque hacen posible una universidad más flexible y evolucionada, en la que –por ejemplo- no se necesita Selectividad, en la que el mercado laboral no es el objetivo que separa el éxito del fracaso, en la que se pueden elegir asignaturas a la carta que hacen posible que hoy existen titulaciones otrora impensables como Grados en Filosofía, política y economía, o grados en Global Studies para

formar a futuros líderes internacionales que sean capaces de analizar y tomar decisiones de alcance mundial en política, economía, comunicación o salud.

Pero no siendo un mérito menor lo ya dicho, son en sí mismos un centro de conocimiento y de experiencia de extraordinario valor, son una fuerza docente ilustrada y enriquecida en muchos casos por fructíferas trayectorias profesionales. Vienen a la universidad a aprender, pero tendremos que pedirles que también vengan a enseñar. Porque representan una oportunidad formativa extraordinaria. Su labor fertilizadora ha de ser aprovechada al máximo, porque poseen el bien más preciado que hoy una universidad puede ofrecer: la formación competencial, la que le será verdaderamente útil a los alumnos jóvenes, a los que cuando se gradúen las empresas ya no les van a preguntar qué has estudiado, sino que les preguntarán qué sabes hacer.

Por todo ello debemos felicitarnos por su llegada a las aulas. Pero también por poner al servicio de todos los conocimientos, la experiencia y el ejemplo que tan generosamente nos ofrecen, dándonos así la oportunidad de que las nuevas generaciones accedan, sin tener que matricularse, a másteres intensivos de realidad y saberes prácticos.

La Universidad está, verdaderamente, ante un gran cambio. Y con ella la sociedad.
En lo que nos concierne más directamente, las últimas estadísticas apuntan una tendencia en la que descienden los alumnos universitarios menores de 25 años y son cada vez más los mayores de 30. Y en este registro, la Universidad de Vigo sobresale en el mapa español.

La Asociación de alumnos del Programa de mayores de la Universidad de Vigo son un valioso ejemplo y testimonio de los tiempos que vivimos, y nos inducen al optimismo. Sus miembros poseen el crédito suficiente para que en lo posible desaparezcan los discursos de sospecha y desconfianza entre la Sociedad y la Universidad. Y estos nuevos estudiantes abren un camino nuevo de altísimas prestaciones, porque el intercambio que se produce en este marco concentra energías y afectos imbatibles en esa causa, porque son en sí mismos un centro de conocimiento y de testimonio de extraordinario valor, son una fuerza docente ilustrada por fructíferas trayectorias y responsabilidades, por brillantes currículums profesionales o por acreditadas y excelentes experiencias prácticas.

Con ellos, la Universidad de Vigo abre nuevos futuros.

FUNCIÓN E COMPETENCIAS

INTRODUCIÓN

O Consello Social, que goza de plena independencia no exercicio das súas competencias, é o órgano de participación da sociedade na Universidade que impulsa a colaboración entre elas contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia; á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria e mais á obtención dos recursos precisos para procurar a súa suficiencia económica e financeira. Foi constituído o 20 de xullo de 1995, en aplicación das leis 5/1987 e 11/1989.

Por lei, correspóndelle ao Consello Social, entre outras funcións:



Vista panorámica do Edificio Miralles no Campus de Vigo, sede do Consello Social.

Aprobar o orzamento anual e a programación plurianual da universidade, e coñecer as contas das entidades públicas ou privadas dependentes dela.

Aprobar as contas anuais da universidade e das sociedades nas que teña presenza maioritaria, podendo encargar a realización de auditorías externas.

Aprobar con carácter previo á súa rendición perante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das entidades dependentes dela, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, podendo acordar de xeito motivado a realización de auditorías externas.

No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, proceder á redución do gasto no novo orzamento por contía igual ao déficit producido, nos termos establecidos pola lexislación estatal vixente.

Aprobar a creación, a modificación substancial ou a extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nestas.

Aprobar a disposición sobre bens inmobles e mobles da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público.

Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade, con especificación da totalidade dos seus custos, das súas modificacións e dos gastos que supoñen, así como emitir informe sobre os convenios colectivos do persoal contratado, con carácter previo á súa formalización.

Supervisar o rendemento e a calidade dos servizos universitarios.

Promover a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación da Universidade e a captación de recursos económicos externos.

Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de I+D+i compartidos entre universidade, empresas e tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.

Aprobar, por proposta do consello de goberno, a aceptación pola universidade de herdanzas, doazóns ou legados.

Impulsar actuacións que propicien un maior achegamento dos estudantes ás demandas do mercado laboral.

Favorecer as actividades orientadas a completar a formación integral dos estudantes e aprobar as normas que regulen o progreso e permanencia dos alumnos na universidade.

Favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos universitarios e das universitarias, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade galega.

Aprobar as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos e das estudantes de acordo coas características dos respectivos estudos.

Supervisar que a política de bolsas, axudas, exencións e créditos ao estudo e á investigación que outorgue a universidade con cargo aos seus orzamentos ordinarios se desenvolva conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade.

Propoñer á Xunta de Galicia a creación, implantación ou supresión de facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.



Escola de Enxeñería Forestal

Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do consello de goberno relativos á implantación e á supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como á creación, á modificación e á supresión de centros, institutos universitarios de investigación ou calquera outra figura que adopten.


Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas pola universidade.

Realizar estudos sobre a adecuación da oferta de titulacións e dos plans de estudos sobre o rendemento académico do alumnado e sobre a inserción laboral dos titulados.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL

MEMBROS A 31 DE DECEMBRO DE 2015

De acordo coa Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, o Consello Social aumenta en tres membros con respecto á Lei anterior, de 2003, e queda integrado por un máximo de trinta e unha persoas membros, 25 deles representan aos intereses sociais e son elixidos polo Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, os sindicatos, as organizacións empresariais, os tres concellos nos que radican os Campus (Vigo, Ourense e Pontevedra), a Asociación de Antigos Alumnos e polos Colexios Profesionais vinculados coa oferta da Universidade. Os seis restantes son designados pola Comunidade Universitaria.



Membros do Consello Social, momentos antes de iniciar un pleno no edificio da Casa das Campás, en Pontevedra.

MEMBROS A 31 DE DECEMBRO DE 2015



Don Ernesto Pedrosa Silva
PRESIDENTE

Nomeado polo Decreto 180/2011, do 1 de setembro (DOG 22 de setembro de 2011), sendo presidente da Xunta de Galicia don Alberto Núñez Feijóo.



Don Daniel Barata Quintas
VICEPRESIDENTE

Vocal designado pola Xunta de Galicia. Nomeado vicepresidente en sesión plenaria de 8 de novembro de 2013.








VOCAIS EN REPRESENTACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

VOCAIS NATOS

Don Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade

Don Manuel Fernández Jauregui
Xerente da Universidade

Dona Gloria María Pena Uris
Secretaria Xeral da Universidade

VOCAIS EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Don José Manuel García Vázquez
En representación dos profesores

Don Hadrián Fernández Alvarado
En representación do estudantado

Don Carlos Mollinedo Lois
En representación do Persoal de Administración e Servizos (PAS)



VOCAIS EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA (designados por)

PARLAMENTO DE GALICIA

Don José Natalio Blanco Sierra
Don Antonio Coello Bufill
Don Julio Estévez Fernández
Don Xesús López Carreira
Dona Mónica Vázquez Blanco
Dona Natalia Zunzunegui Garrido

XUNTA DE GALICIA

Don Juan Manuel Díaz Barreiros
Don César Blanco Gómez
Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo
Dona Marta Iglesias Bueno
Don José Manuel Figueroa Vila

POLOS SINDICATOS

Don José Parños Pardo (CCOO)
Dona Marta Dacosta Alonso (CIG)
Don Manuel González Piñeiro (UXT)

CORPORACIÓNS LOCAIS

Don Xulio Calviño Rodríguez (Vigo)
Dona María do Carmen Fouces Díaz (Pontevedra)
Don Federico Pérez Mato (Ourense)










ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

Don Javier Garrido Valenzuela (CEP)
Don Jorge Cebreiros Arce (CEP)
Don José Manuel Pérez Canal (CEO)
Don Juan Manuel Piñeiro Rivas (CEO)

ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS

Don José María Franco García

COLEXIOS PROFESIONAIS

Don Antonio Macho Senra

SECRETARIO TÉCNICO

Don Ignacio Rodríguez Iglesias

PERSOAL DE ADMÓN. E SERVIZOS ADSCRITO AO CONSELLO SOCIAL

Dona María Jesús Neches Rodríguez





CESES E NOVOS NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO

NOMEAMENTOS

Vocal en representación do sindicato UXT. *Nomeado no DOG do 10 de marzo de 2015*
Don Manuel González Piñeiro

Vocal en representación do Concello de Pontevedra.
Nomeada no DOG do 16 de setembro de 2015
Dona María do Carmen Fouces Díaz

CESES

Vocal en representación do sindicato UXT.
Don José Barreiro Somoza
Causou baixa o 10 de marzo de 2015. Fora nomeado no DOG do 9 de decembro de 2013.

Vocal en representación do Concello de Pontevedra.
Don César Enrique Martínez Gómez
Causou baixa o 16 de setembro de 2015. Fora nomeado no DOG do 14 de novembro de 2012.



Reunión do Consello Galego de Universidades, en Santiago de Compostela.

REPRESENTACIÓN NOUTROS ÓRGANOS

O Consello Social ten representación específica, atendendo á lexislación e á normativa específica, nos seguintes órganos:

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

En virtude do *artigo 12 da Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e o Consello universitario de Galicia (DOG nº 103, do 2 de xuño)* os presidentes dos Consellos Sociais das Universidades galegas pertencen ao Consello universitario de Galicia.

En virtude da Lei 2/2003, do 22 de maio, o Consello universitario de Galicia pasa a chamarse Consello Galego de Universidades.

Representante no Consello: don **Ernesto Pedrosa Silva**

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

Na resolución do 12 de marzo de 2001 da Dirección Xeral de Universidades, pola que se publica o convenio de colaboración asinado o día 30 de xaneiro de 2001 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo créase o Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG).

Na cláusula quinta desta resolución apróbanse os estatutos do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG).

En virtude dos artigos 14 e 21 destes estatutos os presidentes dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo forman parte do Consello de Dirección do devandito consorcio, e un representante do Consello Social de cada universidade consorciada formará parte do Consello Técnico da Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia.

Actualmente a representación do Consello Social da Universidade de Vigo é asumida no Consorcio polo presidente, don **Ernesto Pedrosa Silva**, e no Consello técnico polo secretario, don **Ignacio Rodríguez Iglesias.**

CONSELLO DE GOBERNO UNIVERSIDADE DE VIGO

No Pleno do 13 de marzo de 2008 foron elixidos os representantes do Consello Social no Consello de goberno da Universidade. A 31 de decembro de 2015 son os seguintes:

Don **Xulio Calviño Rodríguez**
(Concello de Vigo)

Don **Federico Pérez Mato**
(Concello de Ourense)

COMISIÓNS DO CONSELLO DE GOBERNO

Posteriormente á designación comunicóuselles aos representantes no Consello de goberno a adscrición ás comisións específicas, quedando do seguinte xeito:

Comisión de Investigación
Don Xulio Calviño Rodríguez

Comisión de Organización Académica
e Profesorado **Don Federico Pérez Mato**

Comisión de Extensión Universitaria
e Estudantes **Don Federico Pérez Mato**

COMISIÓN DE TRANSFERENCIA E RELACIÓNS COA SOCIEDADE CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

A comisión aborda todos os asuntos que en materia de relacións coa Sociedade compete aos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Representantes na Comisión:
don **Ernesto Pedrosa Silva**
don **Ignacio Rodríguez Iglesias**

COMISIÓN ACADÉMICA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

A comisión aborda todos os asuntos que en materia académica compete aos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Representantes na Comisión:
don **Ernesto Pedrosa Silva**

COMISIÓN ECONÓMICA CONFERENCIA DE CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

Esta comisión é a encargada de informar e propoñer asuntos de materia económica ao Comité Executivo e á Asemblea Xeral. Así mesmo aborda todos os asuntos que en materia económica compete aos Consellos Sociais das Universidades Españolas.

Representantes na Comisión:
don **Ernesto Pedrosa Silva**

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO

A representación do Consello Social na Fundación Universidade de Vigo reflíctese no órgano de máis alta xerarquía da Fundación que é o Padroado da FUVI, que lle corresponde ao presidente do Consello Social como patrono nato.

Representante no Padroado:
don **Ernesto Pedrosa Silva**

CIDADE UNIVERSITARIA

A representación do Consello Social en Cidade Universitaria S.A (CUSA) reflíctese no seu Consello de Administración e na Xunta Xeral de Accionistas.

Representante no Consello de Administración e na Xunta Xeral de Accionistas:
don **Ernesto Pedrosa Silva**

MESA DE CONTRATACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Consonte a resolución reitoral publicada no DOG de 23 de xullo de 2010, e por acordo do Pleno, en reunión de 27 de outubro de 2010, desígnase un membro permanente na Mesa de Contratación da Universidade de Vigo, en representación do Consello Social.

Representante:
don Ignacio Rodríguez Iglesias

COMISIÓN DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Por acordo do Pleno reunido con data 28 de xuño de 2011, desígnase a dona **Mónica Vázquez Blanco** como representante do Consello Social na Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo.

CREACIÓN DE COMISIÓNS DELEGADAS

COMPETENCIA E FUNCIONAMENTO

O regulamento de organización e funcionamento pode considerar a existencia dunha comisión executiva, á cal lle corresponde a dirección ordinaria do Consello Social, e cantas comisións permanentes se xulguen necesarias para o cumprimento das funcións do órgano. Así mesmo, o regulamento determinará o procedemento para a constitución polo pleno de comisións temporais

As Comisións delegadas, atenden e debaten de xeito pormenorizado os ámbitos máis relevantes do Consello Social, para elaborar análises e informes previos e para elevar acordos ou propostas debatidas ao Pleno.



Vista xeral dunha sesión plenaria na Casa das Campás.

Como criterio xeral acordouse aplicar o establecido polo Regulamento vixente ao respecto:

O Consello Social contará coas seguintes comisións: Comisión executiva, comisións permanentes e comisións temporais **(Art. 17)**

As comisións do Consello Social consistirán en estudar, deliberar e remitirlle ditames ou propostas ao Pleno, así como na adopción de acordos sobre os asuntos cuxa competencia lle atribuíse e delegase o Pleno, ao cal, en todo caso lle dará conta. **(Art. 17.2)**

Son comisións permanentes do Consello Social a comisión económica e a comisión de actividades e servizos. Correspóndelles ás comisións permanentes o exercicio de todas as funcións específicas que o Pleno lles encargue ou autorice. **(Art. 19)**

Son comisións temporais do Consello Social os grupos de traballo especializados e de natureza ocasional que elaborarán todos os informes, estudos e documentacións que o Pleno lles requira, co fin de facilitar as súas deliberacións e acordos en certos asuntos de especial relevancia. Estas comisións extinguiranse unha vez que conclúan o traballo que motivou a súa creación. **(Art. 20)**

As comisións do Consello Social reuniranse sempre que a presidencia as convoque. As regras que se establecen neste regulamento sobre convocatoria, orde do día, constitución, desenvolvemento da sesión, votacións e actas dos plenos aplicaranse ás reunións das comisións nas que proceda **(Art. 28)**

COMISIÓN EXECUTIVA

A día 31 de decembro, a composición é a seguinte:

Presidente	Don Ernesto Pedrosa Silva	Presidente do Consello Social
Vocais	Don Salustiano Mato de la Iglesia	Reitor da UVigo
	Don Javier Garrido Valenzuela	Intereses Sociais - Vigo
	Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo	Intereses Sociais - Pontevedra
	Don Federico Pérez Mato	Intereses Sociais - Ourense
	Dona Natalia Zunzunegui Garrido	Intereses Sociais - Vigo
	Don José Parños Pardo	Sindicatos (CC.OO)
Secretario	Don Ignacio Rodríguez Iglesias	

COMISIÓN ECONÓMICA

A día 31 de decembro, a composición é a seguinte:

Presidente	Don Daniel Barata Quintas (Por delegación permanente do presidente do Consello Social)	Intereses Sociais - Ourense
Vocais	Don Manuel Fernández Jauregui	Xerente UVigo
	Don José Manuel García Vázquez	Vicerreitor Economía UVigo
	Don Xulio Calviño Rodríguez	Intereses Sociais - Vigo

	Don Jorge Cebreiros Arce	Intereses Sociais - Vigo
	Don Antonio Macho Senra	Intereses Sociais - Vigo
	Don Manuel González Piñeiro	Sindicatos (UXT)
Secretario	Don Ignacio Rodríguez Iglesias	

COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

A día 31 de decembro, a composición é a seguinte:

Presidente	Don Ernesto Pedrosa Silva	Presidente do Consello Social
Vocais	Don Julio Estévez Fernández	Intereses Sociais – Vigo
	Dona Gloria María Pena Uris	Secretaria Xeral UVigo
	Don Carlos Mollinedo Lois	PAS da UVigo
	Don José María Franco García	Intereses Sociais – Vigo
	Don César Blanco Gómez	Intereses Sociais - Ourense
	Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo	Intereses Sociais - Pontevedra
	Dona Marta Iglesias Bueno	Intereses Sociais – Vigo
Secretario	Don Ignacio Rodríguez Iglesias	

REUNIÓNS E ACORDOS

DATAS DAS CONVOCATORIAS E ASISTENCIAS

MEMBROS ASISTENTES A TODOS OS PLENOS AOS QUE FORON CONVOCADOS

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. José Manuel García Vázquez
D. Hadrián Fernández Alvarado
D. Antonio Coello Bufill
D. Julio Estévez Fernández
D. Daniel Barata Quintas
D. Manuel González Piñeiro
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Federico Pérez Mato
Dª. Mª do Carmen Fouces Díaz
D. José María Franco García



Membros do Concello Social asistentes a un pleno, no Salón do Reitorado, no Campus de Vigo.

PLENO (31 membros)		
Data de Celebración	**Nº Asistentes**	**%**
15.04.15	19	61
26.06.15	22	71
23.07.15	22	71
29.12.15	26	84

COMISIÓN EXECUTIVA (7 membros)

Data de Celebración	Nº Asistentes	%
11.03.15	6	86
21.05.15	5*	86
29.07.15	5	71
16.11.15	6	86

** A Comisión Executiva do 21.05.15 está composta por 6 membros, debido ao cese de don José Barreiro Somoza. Nesa data aínda non se aprobara a súa substitución por dona Natalia Zunzunegui Garrido.*

COMISIÓN ECONÓMICA (7 membros)

Data de Celebración	Nº Asistentes	%
27.02.15	7	100
18.06.15	5	71
18.12.15	6	86

COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS (8 membros)

Data Celebración	Nº Asistentes	%
19.02.15	8	100
25.03.15	7	88
21.04.15	6	75
22.05.15	5	63
29.06.15	6	75
17.09.15	7	88
07.10.15	6	75
30.11.15	6	75

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO

Durante o ano 2015 o Pleno do Consello Social reuniuse en catro ocasións. Por iniciativa do presidente, as sesións celebráronse de xeito rotatorio no Campus de Pontevedra e Ourense e na propia sede do Consello, no Edificio Miralles do Campus de Vigo.

DE CARÁCTER ECONÓMICO

PLENO 15 DE ABRIL

Aprobar, visto o informe da Comisión Executiva, a regularización de terreos a favor de CITEXVI, consonte acordo do Consello de goberno de data 2 de marzo de 2015.

Ratificar o informe favorable emitido pola Comisión Executiva sobre a modificación parcial da RPT do persoal funcionario de administración e servizos, consonte acordo do Consello de goberno de data 2 de marzo de 2015.

Ratificar o informe favorable emitido pola Comisión Executiva á asignación de retribucións adicionais como complementos

de recoñecemento polos cargos de xestión (convocatoria 2014), a un profesor da Universidade de Vigo.

Dar a súa conformidade, visto o informe emitido pola Comisión Económica, á liquidación do Orzamento da Universidade de Vigo correspondente a 2014, consonte a competencia e prazo esixido ao Consello Social no Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de abril.

Aprobar, visto o informe favorable da Comisión Económica, a adhesión da Universidade de Vigo ao Consello de Universidades da Fundación Triptolemos para Desenvolvemento Agroalimentario.

Ratificar o informe favorable emitido pola Comisión Económica á asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (convocatoria 2014), a unha profesora da Universidade de Vigo.

Aprobar o acordo de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo para o exercicio 2015 cunha asignación económica de 30.000 €.

Aprobar a modificación das tarifas do Centro de investigación, transferencia e innovación (CITI), consonte acordo do Consello de goberno de 27 de marzo de 2015.

Aprobar a modificación das tarifas do Centro de apoio científico e tecnolóxico á investigación (CACTI), consonte acordo do Consello de goberno de 27 de marzo de 2015.

PLENO 26 DE XUÑO:

Emitir, a proposta da Comisión Executiva, informe favorable para a creación da empresa "QUANTUM INNOVATIVE, S.L." como EBT da Universidade de Vigo, e autorizar a participación da Universidade de Vigo no seu capital social.

Aprobar, visto o escrito da ACSUG de data 3 de febreiro de 2015, e a proposta da Comisión Executiva, a asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora a profesores da Universidade de Vigo, cuxas puntuacións foron incrementadas como consecuencia dos recursos interpostos (convocatoria 2014).

Aprobar, visto o escrito da ACSUG de data 3 de febreiro de 2015, e a proposta da Comisión Executiva, a asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento á excelencia curricular a profesores da Universidade de Vigo, consonte listado que se remite correspondente á convocatoria de 2014, entre eles os afectados pola medida cautelar aprobada pola Comisión Executiva con data 27 de novembro de 2014.

Aprobar as contas da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio de 2014, ao abeiro do disposto no artigo 75 3.d) da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia,

a proposta da Comisión Económica, e visto o informe de auditoría.

Aprobar as contas de "Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI)" correspondentes ao exercicio de 2014, ao abeiro do disposto no artigo 75 3.d) da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia, a proposta da Comisión Económica, e visto o informe de auditoría.

Aprobar as contas de "Fundación Universidade de Vigo (FUVI)" correspondentes ao exercicio de 2015, ao abeiro do disposto no artigo 75 3.d) da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia, a proposta da Comisión Económica, e visto o informe de auditoría.

Aprobar as contas de "Cidade Universitaria de Vigo, S.A." correspondentes ao exercicio de 2014, ao abeiro do disposto no artigo 75 3.d) da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia, a proposta da Comisión Económica, e visto o informe de auditoría.

Aprobar a prórroga do contrato con ATD, para a elaboración do informe de auditoría e Memorando de recomendacións sobre as contas da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2014, ao abeiro do disposto no artigo 75 3.d) da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia, a proposta da Comisión Económica.

Darse por informado da transferencia de capital a gasto corrente solicitada por ACETIC por un importe de 76.000 €, visto o informe emitido pola Comisión Económica.

Darse por informado da incorporación de remanentes de libre disposición por importes de 64.745,04 € (para ingresos en departamentos por contratos asinados conforme o artigo 83 da LOU); 1.195,66 € (para a organización de EDUCON'2014); 3.150,13€ (para a organización da edición 2014 do Workshop on Dynamic Macroeconomics da UVigo); 4.802,50 € (para o Proxecto "Sintetizador texto-voz en galego"); 2.419,50 € (para o Proxecto "Etiquetador-lematizador para o galego actual"); 675 € (para a redistribución dos beneficios obtidos polas licenzas de explotación de patentes entre a Universidade de Vigo e as empresas Aztecca Ingeniería, S.L. e Multididácticos, S.L.) e 2.975,21€ (para os gastos da "Semana da ciencia 2013. Enerxía, materiais e medio ambiente: recursos esenciais e singulares na terra"), aprobados en Consello de goberno de 23 de xuño de 2015.

Emitir informe favorable ao proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos dos estudos para a obtención de títulos oficiais no ensino universitario galego para o curso 2015/2016, ao abeiro do disposto no artigo 75 3.f) da Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia.



Asistentes ó Pleno convocado no edificio de Ferro, no Campus de Ourense.

PLENO 23 DE XULLO:

Informar favorablemente a creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, no Campus de Ourense, consonte proposta aprobada polo Consello de goberno da Universidade de Vigo de 17 de xullo de 2015.

A aprobación definitiva da creación da Empresa de Base Tecnolóxica (EBT) "QUANTUM INNOVATIVE, S.L." e da participación da Universidade de Vigo no seu capital social, consonte os artigos 5 e 6 da Normativa de creación de empresas da Universidade de Vigo e a Lei Orgánica de Universidades e previa aprobación en Consello de goberno da Universidade de Vigo de 23 de xuño de 2015.

Aprobar, a proposta da Comisión de Actividades e Servizos, unha axuda económica como apoio aos actos conmemorativos, a desenvolver nos tres Campus, co gallo dos 25 anos da Universidade de Vigo.

PLENO 29 DE DECEMBRO:

Aprobar, visto o informe favorable da Comisión Executiva, a participación da Universidade de Vigo na creación da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, consonte acordo de aprobación previa no Consello de goberno de 29 de outubro de 2015.
Darse por informado do Plan galego de financiamento universitario 2015-2020, visto o informe da Comisión Económica.
Darse por informado do novo modelo de fi-

nanciamento dos centros da Universidade de Vigo, consonte o aprobado en Consello de goberno de 27 de novembro de 2015 e visto o informe da Comisión Económica.

Darse por informado do teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio 2016 por importe de 176.590.578 €, consonte o aprobado en Consello de goberno de 21 de decembro de 2015 e visto o informe da Comisión Económica.

Aprobar o orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2016, consonte o artigo 75.3 c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, e visto o informe favorable da Comisión Económica. Dar a súa conformidade á incorporación de remanente de libre disposición por importe de 3.026,99 € na aplicación orzamentaria 2015 0000 311V 625 para proceder ao pagamento de equipos informáticos, consonte o aprobado en Consello de goberno de 29 de outubro de 2015, e visto o informe da Comisión Económica.

Aprobar as liñas xerais do orzamento do Consello Social para 2016.

Darse por informado da Previsión de cumprimento pola Universidade de Vigo da obriga de elaborar a liquidación do orzamento antes do 1 de marzo de 2016 (Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de abril).

DE CARÁCTER ACADÉMICO-SOCIAL

PLENO 15 DE ABRIL:

Ratificar o acordo acadado pola Comisión de Actividades e Servizos e aprobar os novos criterios para a adxudicación das Bolsas-colaboración que concede o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo a partires do curso 2015/2016.

Ratificar o acordo acadado pola Comisión de Actividades e Servizos e aprobar a seguinte distribución do Plan de apoio a titulacións con dificultades para realizar os Prácticums: ESDEMGA (3.190 €); Facultade de Ciencias do Mar (3.440 €); Facultade de Historia (1.700 €); Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (2.750 €); Facultade de Ciencias de Educación e do Deporte (3.550 €); Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo (3.400 €); Facultade de Filoloxía e Tradución (2.750 €); Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (3.590 €); Facultade de Bioloxía (3.190 €) e Facultade de Dereito (2.440 €).

Darse por informado da declaración de interese das titulacións de Grao, Máster e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2016/2017, consonte acordo do Consello de goberno de 27 de marzo de 2015.

Darse por informado do calendario e procedemento para a implantación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial no Campus de Ourense e a creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial, consonte acordo do Consello de goberno de 27 de marzo de 2015.

Emitir informe favorable sobre o cambio da titularidade da Escola de Negocios CAIXANOVA en favor de Afundación e coa denominación de "Escola de Negocios Afundación", consonte acordo do Consello de goberno de 27 de marzo de 2015.
Dar a súa conformidade á nova composición da Comisión Executiva debido á baixa dun dos vocais.

Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de decembro de 2014 e xaneiro, febreiro e marzo de 2015.

PLENO 26 DE XUÑO:

Aprobar, a proposta da Comisión Executiva e consonte os artigos 75.1 a) e 85.1 da Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia, a proposta de novo Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social, para someter a aprobación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de abril e maio de 2015.

PLENO 23 DE XULLO:

Emitir informe favorable para a implantación na Universidade de Vigo do título de Grao en Enxeñería Aeroespacial, no curso 2016/2017, consonte proposta aprobada polo Consello de goberno da Universidade de Vigo de 17 de xullo de 2015

Emitir, previa aprobación en Consello de goberno da Universidade de Vigo de 17 de xullo de 2015, informe favorable para a implantación na Universidade de Vigo do título de Máster Universitario en "Deseño e dirección creativa en moda", no curso 2016/2017.

Emitir, previa aprobación en Consello de goberno da Universidade de Vigo de 17 de xullo, informe favorable ás modificacións, para o curso 2016/2017, dos seguintes títulos de Máster Universitario xa implantados: Máster Enxeñaría da construción; Máster en Prevención de riscos laborais; Máster en Dirección de PEMES; Máster en Libro ilustrado e animación audiovisual; Máster en Bioloxía mariña; Máster en Administración integrada de empresa e responsabilidade social corporativa; Máster en Creación, dirección e innovación na empresa; Máster en Dificultades

de aprendizaxe e procesos cognitivos; Máster en Investigación química e química industrial.

Emitir, consonte proposta remitida polo Consello de goberno da Universidade de Vigo de 23 de xuño de 2015, informe favorable á extinción do Título de Máster Universitario en "Información técnica para o medicamento".

Emitir, previa aprobación en Consello de goberno da Universidade de Vigo de 17 de xullo, informe favorable á modificación, para o curso 2016/2017, do Programa de Doutoramento en "Ciencia e tecnoloxía química".

Aprobar, a proposta da Comisión de Actividades e Servizos, a distribución previa das bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo, para o curso académico 2015/2016.

Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de xuño de 2015.

PLENO 29 DE DECEMBRO:

Aprobar, visto o informe da Comisión Executiva, unha nova convocatoria de axudas a Practicums para o curso 2015/2016 para titulacións da Universidade de Vigo.

Ratificar o acordo da Comisión de Actividades e Servizos polo que se aproba a distribución definitiva das bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo para o curso 2015/2016.

Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xullo, agosto, setembro, outubro e novembro de 2015.

Emitir informe favorable ao cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas por "Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía", consonte o aprobado en Consello de goberno de 21 de decembro de 2015.

Aprobar a proposta do Plan de actuacións do Consello Social para 2016.

Dar a súa conformidade á reasignación de competencias ás Comisións delegadas do Consello Social, para adecualas ao Regulamento interno aprobado o pasado 4 de agosto.

PRINCIPAIS ACORDOS
ADOPTADOS POLA COMICIÓNS EXECUTIVA

Ao longo do ano 2015 a Comisión Executiva reuniuse en catro ocasións, celebrándose as sesións no Campus de Vigo.

ACORDOS

Delegar no presidente do Consello Social a aprobación previa das Memorias finais favorables dos Cursos propios da Universidade de Vigo, para facilitar e axilizar a tramitación das novas edicións, debendo dar conta posteriormente á Comisión Executiva da relación correspondente. As memorias que presenten incidencias que sexan competencia do Consello Social serán avaliadas no seu momento pola propia Comisión na sesión seguinte á súa recepción.

Aprobar a proposta de prezos mensuais dos Complexos Residenciais Universitarios de RESA para o curso 2015/2016, consonte documentación do Consello de goberno de 2 de marzo de 2015 e dar conta ao Pleno.

Informar favorablemente a aprobación da proposta de regularización da cesión de terreos en favor de CITEXVI, consonte documentación do Consello de goberno de 2 de marzo de 2015. Elevación ao Pleno.

Elevar informe favorable ao Pleno sobre a modificación parcial da RPT do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo, consonte documentación de Consello de goberno de 2 de marzo de 2015.

Informar favorablemente a asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (convocatoria 2014), a un profesor da Universidade de Vigo.

Agradecer o informe da comisionada para a Vicesecretaría xeral técnica e valorar a mellora experimentada na expedición de títulos. Así mesmo amosar o seu interese por coñecer as razóns polas que algúns centros presentan peores rexistros e maiores retrasos, e que medidas se poden tomar nos centros que acumulan maior volume de títulos pendentes de tramitación.

Ratificar a plena vixencia e aplicabilidade das Normas e recomendacións de prezos e taxas das ensinanzas propias de Posgrao e outros cursos da Universidade de Vigo, entendendo que o tratamento dos casos excepcionais que puideran darse están definidos no mesmo documento.

Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Vigo 2015.

Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Ourense 2015.

Solicitar ao vicerreitorado de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais que recomende un marco regulatorio e uns criterios que poidan ser aplicables polo Consello Social no sucesivo, e que permita contemplar a excepcionalidade en casos concretos, e certamente aillados, nos que os docentes perciban cantidades superiores ás establecidas, á vista do problema suscitado no curso de Extensión Universitaria "Audiovisual galego: abrindo fronteiras desde a diversidade" e o reiterado incumprimento do tope establecido para o pago a docentes.

Aprobar as taxas dos Cursos de Extensión Universitaria do Campus de Pontevedra 2015.

Aprobar as taxas para a actividade "Campus Camp 2015" a desenvolver no próximo verán nos tres campus da Universidade de Vigo.

Informar favorablemente ao Pleno para a asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora a profesores da Universidade de Vigo, cuxas puntuacións foron incrementadas como consecuencia dos recursos interpostos (convocatoria 2014).

Informar favorablemente ao Pleno, visto o escrito da ACSUG de data 3 de febreiro de 2015, para a asignación de retribucións adicionais como complementos de recoñecemento á excelencia curricular aos profesores da Universidade de Vigo, consonte listado que se remite correspondente á convocatoria de 2014, entre eles os afectados pola medida cautelar aprobada por esta Executiva con data 27 de novembro de 2014.

Emitir informe favorable para a creación da empresa QUANTUM INNOVATIVE, S.L. como EBT da Universidade de Vigo, consonte os artigos 5 e 6 da Normativa de creación de empresas da Universidade de Vigo.

Autorizar a participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa de base tecnolóxica QUANTUM INNOVATIVE, S.L., nos termos que se recolle no réxime xurídico regulatorio, consonte os artigos 5 e 6 da Normativa de creación de empresas da Universidade de Vigo.

Darse por informada do Informe-estudo sobre a inserción laboral dos egresados universitarios. Datos de empregabilidade.

Dar a súa conformidade á proposta do novo Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social.

Aprobar os prezos públicos a aplicar no "Programa de Maiores da Universidade de Vigo" no curso 2015/2016.

Aprobar as tarifas dos servizos deportivos que ofrece a Universidade de Vigo no curso académico 2015/2016.

Remitir informe favorable ao Pleno para aprobación dunha nova convocatoria de axudas a Practicums para titulacións da Universidade de Vigo, durante o curso 2015/2016.

Aprobar a participación da Universidade de Vigo na creación da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, consonte acordo de aprobación previa no Consello de goberno de 29 de outubro de 2015 e informar favorablemente ao Pleno.

Emitir informe favorable, para elevación ao Pleno, da Memoria de actividades do Consello Social de 2014 e da súa edición.

Solicitar a través da Vicerreitoría de organización académica e profesorado un informe valorativo que permita unha mellor interpretación dos resultados das enquisas de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario. (Curso 2013/2014).

Dar a súa conformidade á nova reasignación de competencias ás comisións delegadas do Consello Social, consonte o Regulamento interno aprobado o 4 de agosto de 2015 e informar favorablemente ao Pleno.

COMISIÓN EXECUTIVA

DISTRIBUCIÓN E TAXAS APROBADAS DE TÍTULOS PROPIOS E CURSOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2015/2016

Nas sesións da Executiva do 11 de marzo, 21 de maio, 29 de xullo e 16 de novembro, aprobáronse as seguintes propostas de taxas de títulos propios, cursos de especialización e demais actividades autorizadas ás Universidades conforme o artigo 81.3 da LOU:

CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA CAMPUS DE VIGO

2015/501	"Recursos educativas abertos, unha oportunidade para a innovación docente con axudas das TIC"	120 €
2015/502	"Tabaquismo e abandono do tabaco"	80 €
2015/503	"Enfrontarse a urxencias cardiovasculares (VIII edición)"	60 €
2015/504	"Xestión de explotacións acuícolas"	30 €
2015/505	"Introdución á enxeñería biomédica"	90 €
2015/506	"Patrimonio natural e cultural do Bierzo"	50 €
2015/507	"Termalismo: balnearios e talasos"	80 €
2015/508	"Curso de primeiros auxilios"	85 €

CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA CAMPUS DE PONTEVEDRA

2015/520	"Ensinar ciencias con xoguetes interactivos e lousa dixital. Unha educación para o século XXI"	90 €
2015/521	"Infancia mal tratada aquí e agora VS. Infancia ben tratada aquí e agora"	40 €
2015/522	"Novas tendencias no adestramento en fútbol. Da base á elite"	50 €
2015/523	"O turismo de incentivos e o seu potencial"	50 €
2015/524	"Claves para mellorar a educación integral dos adolescentes"	55 €
2015/525	"Propostas pedagóxicas innovadoras. Ensinar e aprender hoxe"	100 €

CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA CAMPUS DE OURENSE

2015/550	"Fiscalidade sobre a renda das persoas físicas e sociedades: teoría, práctica e ferramentas informáticas"	30 €
2015/551	"O valor da paisaxe na conservación do medio ambiente"	10 €
2015/552	"Mediación, saúde e lei"	30 €
2015/553	"Tecnoloxía da elaboración da cervexa"	10 €
2015/554	"A sociedade da información: retos educativas e esixencias"	38 €
2015/555	"Galaicos: a auga e o alén"	30 €
2015/556	"Audiovisual galego: abrindo fronteiras desde a diversidade"	60 €
2015/557	"III Xornadas sobre biomasa: unha fonte inesgotable de posibilidades"	30 €
2015/559	"Sportnomics: deporte, economía e cinema"	25 €
2015/560	"Recursos didácticos para unha comunicación eficaz: educación da voz e do discurso"	29 €
2015/561	"Alternativas rurais e reais: viabilidade de proxectos agroecolóxicos"	40 €

CURSOS COMPLEMENTARIOS:

I ed.	"Pilates con accesorios aplicado á Fisioterapia"	225 €
I ed.	"Inclusión educativa da discapacidade auditiva: Práctica da lingua de signos"	21 €
I ed.	"Contabilidade fiscal: IVE e imposto de sociedades"	
	Alumnado da Universidade de Vigo	200 €
	Alumnado alleo á Universidade de Vigo	300 €
I ed.	"Comercio electrónico: situación na Unión Europea"	

	Alumnado da Universidade de Vigo	27 €
	Alumnado alleo á Universidade de Vigo	50 €
I ed.	"Desenvolvemento de aplicacións web con PHP"	210 €
XII ed.	"Iniciación ao AutoCAD"	130 €
XIV ed.	"Vendaxes neuromusculares (kinesiotaping)"	174 €
I ed.	"Empresa familiar: Goberno e sucesión"	0 €
I ed.	"Desenvolvemento de habilidades persoais para a dirección e xestións de proxectos"	360 €
I ed.	"Comunicación e protocolo XV. Xornadas internacionais de comunicación institucional e imaxe pública"	0 €
III ed.	"Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"	122 €
II ed.	"Pilates para fisioterapeutas, MAT – nivel I"	275 €
II ed.	"Fisioterapia en uroxinecoloxía, nivel básico"	170 €
III ed.	"Introdución á fisioterapia invasiva da síndrome da dor miofascial"	148 €
I ed.	"Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"	290 €
I ed.	"Seguridade en atmosferas explosivas. Elaboración do doc. de protección contra explosivos"	150 €
I ed.	"Técnicas de expresión oral"	80 €
II ed.	"Técnicas de expresión oral"	80 €
I ed.	"Introdución ao excel"	0 €
II ed.	"Introdución ao excel"	0 €
I ed.	"Tendencias da investigación en acuicultura"	83 €
III ed.	"Nivel medio de AutoCAD"	125 €
I ed.	"Realización de proxectos de infraestruturas comúns de telecomunicación (ICT)"	
	Alumnos da Universidade de Vigo	100 €
	Persoal da Universidade de Vigo	125 €
	Alumando alleo á Universidade de Vigo	150 €
I ed.	"Dinámica litoral e avaliación ambiental"	104 €
II ed.	"O sistema loxístico e a cadea de subministración: Estratexia e planificación"	100 €
II ed.	"O deseño loxístico do envase e embalaxe"	100 €
II ed.	"Custos loxísticos e servizo ao cliente. Indicadores de xestión"	250 €
II ed.	"Sistemas de xestión no contexto loxístico-produtivo: Calidade, seguridade e saúde laboral, medio ambiente e continuidade de negocio"	125 €

II ed.	"Xestión avanzada de calidade. Estratexias de excelencia"	175 €
II ed.	"A mellora continua na dirección de loxística e produción. O modelo "lean manufacturing"	200 €
II ed.	"O papel das persoas. O factor humano na implantación. Liderado e sistemas de participación"	250 €
II ed.	"Dirección de compras e stocks"	150 €
II ed.	"Sistemas de información para a loxística e a produción"	250 €
II ed.	"O deseño e a xestión de almacéns"	150 €
II ed.	"A xestión do transporte na cadea de subministración"	350 €
XIII ed.	"Iniciación ao AutoCAD"	125 €
IV ed.	"Prevención de riscos laborais, nivel básico"	7 €
III ed.	"Conselleiro de seguridade no transporte de mercadorías perigosas"	
	Matrícula alumnos da Universidade de Vigo	180 €
	Matrícula alumnos alleos á Universidade de Vigo	250 €
II ed.	"Inclusión educativa da discapacidade auditiva: práctica da lingua de signos"	25 €
IV ed.	"Masaxe deportiva e técnicas complementarias"	120 €
II ed.	"Pilates para fisioterapeutas, Mat – Nivel II"	275 €
IX ed.	"Vendaxes funcionais no deporte"	158 €
I ed.	"Técnicas manipulativas nas extremidades"	166 €
I ed.	"Cálculo técnico e científico con matlab"	100 €

CURSOS DE FORMACIÓN:

VI ed.	"Catia V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"	375 €
I ed.	"Actualización en literatura española (Alites 2015)"	0 €
II ed.	"Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"	125 €
IV ed.	"Control estatístico de calidade con "R"	125 €
II ed.	"Introdución á programación en Python"	200 €
VII ed.	"Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"	240 €
VI ed.	"Deseño e cálculo instalacións técnicas da edificación e construc. industriais (entorno CYPE)"	250 €
VIII ed.	"Fundamentos de deseño con SOLIDWORKS"	240 €
I ed.	"Análise avanzado da información (microsoft excel)"	150 €
I ed.	"Normas internacionais de auditoría adaptadas para ser aplicadas en España"	150 €

II ed.	"Deseño e fabricación de placas de circuíto impreso (pcb) con altium designer"	150 €
I ed.	"Deseño de sistemas de control industrial baseados en microcontrolador con embeded linux"	132 €
I ed.	"Programación JAVA"	210 €
I ed.	"Deseño de sistemas encaixados en FPGASX con XILINX vivado "	125 €
V ed.	"Estatística con "R" para investigadores"	
	Matrícula reducida (membros SGAPEIO e parados)	90 €
	Matrícula ordinaria	125 €
III ed.	"Estatística con "R" para profesionais da saúde"	
	Matrícula reducida (membros SGAPEIO, Fundación Biomédica e parados)	90 €
	Matrícula ordinaria	125 €
VII ed.	"Cativa V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"	360 €
VIII ed.	"Cativa V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"	360 €
IX ed.	"Cativa V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"	360 €
IV ed.	"Coordinador de seguridade e saúde en obras de construción"	195 €
I ed.	"Deseño, programación e administración de bases de datos"	195 €
XI ed.	"O IVE na fiscalidade empresarial"	80 €
I ed.	"Tekla structures"	250 €
XIII ed.	"Introdución á bolsa"	
	Matrícula alumnos da Universidade de Vigo	107 €
	Matrícula alumnos alleos á Universidade de Vigo	120 €
II ed.	"Didáctica da ficción e creación literaria"	64 €
I ed.	"Don Juan Tenorio, de José Zorrilla: xogador e enredante"	40 €
I ed.	"APPS e aplicacións web con HTML5"	215 €
IV ed.	"Creación de sitios web paso a paso con Joomla"	185 €
III ed.	"Fotografía e deseño gráfico de moda"	600 €
III ed.	"Estampación téxtil"	900 €
III ed.	"Taller de deseño profesional"	1.080 €

CURSOS DE ESPECIALISTA:

II ed.	"Especialista en dobraxe"	
	Matrícula alumnos de mestrado	600 €
	Matrícula resto do alumnado	1.200 €

IV ed.	"Especialista en Ecografía mamaria"	900 €
II ed.	"Especialista en Dirección de loxística e produción"	1.375 €
I ed.	"Especialista en Mediación"	1.400 €
III ed.	"Especialista en Deseño e Moda"	6.065 €

MÁSTER / ESPECIALISTA:

XV ed.	"Auditoría e Contabilidade"	3.500 €

MÁSTER:

I ed.	"Dereito Económico"	2.000 €

PROGRAMA DE MAIORES DA UNIVERSIDADE DE VIGO:

Ciclo intensivo e ciclo integrado:	
18 créditos matriculados (incluídos os prezos por servizos administrativos e outros importes de xestión)	150 €
Por cada crédito (non incluídos os prezos por servizos administrativos e outros importes de xestión)	8 €
Modalidade de inscrición libre, para maiores de 55 anos:	
Por cada materia de 3 créditos	30 €
Por cada taller de 1,5 créditos	15 €

A Comisión Executiva aprobou durante o ano 2015 as taxas de 82 (23 menos que no ano anterior) cursos impartidos pola Universidade de Vigo para a obtención de títulos propios de Posgrao ou para ensinanzas de formación. Neste resumo, elaborado pola Secretaría do Consello Social, pódese observar a incidencia que os cursos tiveron en cada un dos Campus, así como a distribución por ámbitos de ensinanza, destacando o predominio dos Cursos Complementarios, así como a importante subida porcentual no ámbito científico e tecnolóxico. Por Campus consolídase a tendencia de crecemento no Campus de Vigo, cun lixeiro repunte no Campus de Ourense.

OS CURSOS, POR TIPOS*

Complementarios	Formación	Especialista	Máster/Espec.	Máster
44 (64)	31 (33)	5 (7)	1 (1)	1 (0)
53,66%	37,81%	6,10%	1,22%	1,22 %
(60,95%)	(31,43%)	(6,67%)	(0,95%)	(0%)

OS CURSOS, POR ÁMBITOS

Científico	Humanístico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
13 (33)	10 (10)	41 (39)	18 (23)
15,85%	12,20%	50%	21,96%
(31,43%)	(9,52%)	(37,14%)	(21,91%)

OS CURSOS, POR CAMPUS

Ourense	Pontevedra	Vigo
5 (8)	16 (18)	61 (79)
6,10%	19,51%	74,40%
(7,62%)	(17,14%)	(75,24%)

* As cifras que aparecen entre as parénteses amosan os datos de 2014.

MEMORIAS FINAIS RECIBIDAS

FORON RECIBIDAS AS MEMORIAS FINAIS DOS SEGUINTES CURSOS DE POSGRAO:

I Curso Complementario	"Desenvolvemento de habilidades persoais para a dirección e xestión de proxectos"
I Curso Complementario	"Optimización avanzada de aplicacións JAVA en servidores LINUX"
I Curso Complementario	"Pilates para fisioterapeutas, mat- nivel I"
I Curso Complementario	"Fisioterapia en uroxinecoloxía, nivel básico"
II Curso Complementario	"Tratamento conservador da síndrome da dor miofascial, nivel básico"
II Curso Complementario	"Introdución á fisioterapia invasiva da síndrome da dor mio fascial"
III Curso Complementario	"Prevención de riscos laborais, nivel básico"
I Curso de Formación	"Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"
I Curso de Formación	"Deseño de sistemas de control industriais baseados en microcontrolador con linux encaixado"
I Curso de Formación	"Deseño e fabricación de placas de circuíto impreso (PCB) con Altium Designer"

I Curso de Formación	"Introdución á programación en PYTHON"
II Curso de Formación	"Control Estatístico de calidade con "R"
II Curso de Formación	"Excel Financeiro"
III Curso de Formación	"Control Estatístico de calidade con "R"
IV Curso de Formación	"Programación Web con PHP"
V Curso de Formación	"Deseño e cálculo de instalacións técnicas da edificación e construcións industriais (CONTORNA CYPE)"
V Curso de Formación	"Catia V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
VI Curso de Formación	"Fundamentos de deseño técnico con solidworks"
VI Curso de Formación	"Administrador e desenvolvedor de bases de datos"
XII Curso de Formación	"Introdución á bolsa"
XIII Curso Máster/Especialista	"Auditoría e Contabilidade"
II Curso Complementario	"Ferramentas de tradución profesional"
I Curso Complementario	"Xestión de custos e outros indicadores loxísticos en empresas industriais"
I Curso Complementario	"Xestión da produción en empresas industriais: planificación, programación e control"
I Curso Complementario	"Programación web avanzada con AngularJS"
XII Curso Complementario	"Iniciación ao AutoCad"
I Curso Complementario	"Comunicación e protocolo XIV. Xornadas internacionais de comunicación institucional e imaxe pública"
IV Curso de Formación	"Estatística con "R" para investigadores"
II Curso de Formación	"Estatística con "R" para profesionais da saúde"
II Curso de Formación	"Programación web con html5 e jascript"
XI Máster/Especialista	"Axentes de emprego e novas tecnoloxías da información: planificación, financiamento e xestión de proxectos"
X Curso de Formación	"O IVE na fiscalidade empresarial"
I Curso de Especialista	"Mediación e Arbitraxe"
VI Curso de Formación	"Catia V5: Módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
II Curso Complementario	"Conselleiro de seguridade no transporte de mercadorías perigosas"
IV Curso Complementario	"Prevención de riscos laborais. Nivel básico"

I Curso Complementario	"Inclusión educativa da discapacidade auditiva: práctica da lingua de signos"
III Curso Complementario	"Masaxe deportiva e técnicas complementarias"
I Curso Complementario	"Pilates para fisioterapeutas, mat – nivel II"
I Curso Complementario	"Iniciación da contabilidade con Contasol"
I Curso de Formación	"Deseño de sistemas empotrados en FPGAs con Xilinx EDK e Vivado"
IV Curso de Formación	"Coordinador de seguridade e saúde en obras de construción"
I Curso de Formación	"Actualización en literatura española (ALITES 2015)"
I Curso Complementario	"Interacción Atmósfera-Océano"
I Curso Complementario	"Economía e xestión dos recursos naturais e do medio ambiente mariño"
I Curso Complementario	"Ferramentas de apoio e competencias transversais para estudantes da área empresarial"
IV Curso de Especialista	"Ecografía Mamaria"
I Curso de Especialista	"Dobraxe"
III Curso Complementario	"Nivel medio de AutoCad"
I Curso Complementario	"Técnicas de expresión oral"
II Curso Complementario	"Técnicas de expresión oral"
I Curso Complementario	"Introdución a excel"
II Curso Complementario	"Introdución a excel"
I Curso Complementario	"Desenvolvemento de aplicacións web con PHP"
VIII Curso Complementario	"Vendaxes funcionais no deporte"
I Curso de Formación	"Programación Java"
II Curso de Formación	"Estatística con "R" para profesionais da saúde"
IV Curso de Formación	"Control estatístico de calidade con "R"

COMISIÓN ECONÓMICA

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión Económica reuniuse ao longo do ano 2015 en tres ocasións, no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 27 de febreiro, 18 de xuño e o 18 de decembro.

Darse por informada -e dar conta ao Pleno- do avance correspondente á liquidación do Orzamento de ingresos e gastos da Universidade de Vigo do exercicio 2014, así como do avance da auditoría e análise do informe de execución orzamentaria anual, consonte ao disposto no Real Decreto-Lei 14/2012.

Informar ao Pleno da revisión e análise do informe de auditoría operativa sobre os procedementos de xestión económica da investigación e da transferencia de resultados na Área de Investigación da Universidade de Vigo.

Encargar unha auditoría operativa sobre o procedemento de ingresos de investigación, proxectos e transferencias, baixo a coordinación de don Jesús Graña, xefe do Servizo de control interno da Universidade de Vigo.

Informar favorablemente – e elevar ao Pleno- a adhesión da Universidade de Vigo ao Consello de universidades da Fundación Triptolemos para o desenvolvemento agroalimentario. (Consello de goberno de 23 de xaneiro de 2015).

Acordar a asignación de complementos de recoñecemento por cargos de xestión a profesores da Universidade de Vigo, consonte avaliación da ACSUGA (xuntanza de 18 de decembro de 2014). Elevación ao Pleno.

Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de decembro de 2014 e xaneiro de 2015, e dar conta ao Pleno.

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas anuais da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio 2014.

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI), de 2014.

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas da Fundación Universidade de Vigo, de 2014.

Elevar informe favorable para aprobación do Pleno das contas de Cidade Universitaria, S.A, de 2014.

Dar a súa conformidade á Transferencia de gastos de capital a gasto corrente solicitada por ACETIC.

Dar a súa conformidade ás solicitudes e importes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición.

Propoñer ao Pleno a prórroga a ATD para auditar as contas de 2015.

Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de abril e maio de 2015, e dar conta ao Pleno.

Darse por informada do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, e dar conta ao Pleno.

Darse por informada do novo modelo de financiamento dos centros da Universidade de Vigo, e dar conta ao Pleno.

Informar favorablemente ao Pleno sobre o teito máximo de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio 2016. (Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de abril).

Elevar informe favorable ao Pleno da aprobación do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2016.

Dar conta ao Pleno do Informe de cumprimento da instrución sobre a obriga da universidade de elaborar a liquidación do orzamento antes do 1 de marzo de 2016. (Real Decreto Lei 14/2012 de 20 de abril).

Darse por informada do informe sobre a aproximación de competencias dos servizos de Control interno das universidades e dos Consellos Sociais.

Dar a súa autorización – e dar conta ao Pleno- aos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición. (Consello de goberno de 29 de outubro de 2015)

Darse por informada da asignación de competencias á Comisión Económica consonte o Regulamento interno aprobado o 4 de agosto de 2015.

Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xullo, agosto, setembro, outubro e novembro de 2015, e dar conta ao Pleno.

ACTIVIDADES E SERVIZOS

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

A Comisión de Actividades e Servizos reuniuse en oito ocasións no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 19 de febreiro, o 25 de marzo, o 21 de abril, o 22 de maio, o 29 de xuño, o 17 de setembro, o 7 de outubro e o 30 de novembro.

Modificar o punto 3º dos criterios establecidos polo Consello Social para a distribución das Bolsas Colaboración convocadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, incorporando á avaliación final, e no proceso de reasignación, as notas medias dos alumnos solicitantes.

Conceder unha axuda económica para a organización da cuarta edición do Salón EDUGAL, atendendo ás normas do Consello Social.

Aprobar unha axuda económica para o patrocinio da edición do traballo "Universidades egregias, modelos a conocer", elaborado por don José María Franco García, atendendo ás normas e debendo entregar 100 exemplares ao Consello Social.

Aprobar unha achega económica para a organización e patrocinio das "III Xornadas sobre Fundraising e Mecenado nas Universidades", baixo o título "Xenerosidade e compromiso na universidade", promovidas polo Consello Social en colaboración coa Reitoría da Universidade de Vigo.

Renovar o acordo de patrocinio para a edición do compendio "Simposio Nós 2012", e aprobar unha axuda económica, debendo atender ás normas e entregar 40 exemplares ao Consello Social.

Conceder unha axuda económica para a instalación de stands que reflictan o apoio do Consello Social ás actividades que favorezan a empregabilidade dos estudantes das Escolas Técnicas do Campus de Vigo, promovidas pola Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial, e previstas para desenvolver no mes de marzo mediante encontros directos e foros coas empresas.

Aprobar a elaboración e distribución de carpetas-guías para os alumnos que se matriculen na Universidade de Vigo por primeira vez no curso académico 2015/2016 e para o alumnado estranxeiro e do Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españoles, co obxectivo de contribuír ao proceso de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso.

Conceder as axudas para o desenvolvemento de prácticas dos alumnos durante o ano 2015 coa seguinte distribución: ESDEMGA 3.190 €; Facultade de Ciencias do Mar 3.440€; Facultade de Historia 1.700€; Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo 2.750€; Facultade de Ciencias de Educación e do Deporte 3.550 €; Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo 3.400 €; Facultade de Filoloxía e Tradución 2.750 €; Facultade de CC. Sociais e da Comunicación 3.590 €; Facultade de Bioloxía 3.190 €e Facultade de Dereito 2.440 €

Aprobar unha axuda económica para a organización e patrocinio do I Foro Consello Social "Universidade e sociedade: comunicación necesaria", no Campus de Pontevedra.

Aprobar unha achega para a organización das "II Xornadas hispano-lusas de contratación pública", no Campus de Pontevedra, atendendo ás normas do Consello Social.

Conceder unha axuda económica para a organización das xornadas sobre "Presunción de inocencia e a reforma da xustiza penal", no Campus de Ourense, atendendo as normas. Advírtese, así mesmo, que este tipo de propostas se deberán acoller no sucesivo á convocatoria de Prácticums que promove o Consello Social.

Aprobar unha axuda económica para unha nova edición das Bolsas "Ourense Exterior" para o curso 2015/2016.

Aprobar unha axuda económica para a celebración da "XXXVI reunión do grupo de Electroquímica da Real Sociedade española de Química" e o "XVII encontro ibérico de Electroquímica" previstos para os días 13-15 de xullo en Vigo e organizados polo Grupo ENCOMAT, atendendo ás normas do Consello Social.

Aprobar unha achega económica para a realización das actividades do "Campus da Auga ConVida" nos Campus de Ourense, Vigo e Pontevedra.

Conceder unha axuda para os gastos de imprenta, material de oficina, labores de monitores/relatores e publicidade da "Se-

mana da Ciencia 2015" a desenvolver na E.T.S. de Enxeñaría de Minas, do 16 ao 20 de novembro de 2015.

Aprobar unha axuda económica, da que se deberá descontar o importe do conxunto das matrículas, como patrocinio dun Curso de inglés profesional orientado á incorporación ao mercado laboral de alumnos de últimos cursos de mestrado.

Aprobar unha axuda económica para o aloxamento e manutención dos alumnos que participen no proxecto arqueolóxico "Proxecto Armea 2015".

Conceder unha axuda económica para a actividade proposta pola Escola de Enxeñería Industrial de achegar alumnos da ensinanza secundaria e bacharelato a través da I competición de Robots.

Aprobar unha axuda para gastos de desprazamento e relatorios do "Foro de encontro Xustiza e Traballo".

Aprobar unha axuda económica para a organización da Gala do deporte 2015 da Universidade de Vigo.

Conceder unha achega económica para a organización da "Xornada Traballar na UE: retos e oportunidades".

Autorizar unha axuda económica para as actividades propostas polo director da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, condicionada á entrega dunha memoria máis completa e á xustificación dos gastos.

Aprobar unha axuda económica, para o desenvolvemento das xornadas científicas internacionais "O financiamento dos portos de España na UE: custes e beneficios para os operadores portuarios".

Aprobar unha axuda económica para o desenvolvemento do "III ciclo de conferencias de dereito concursal".

Conceder, con carácter excepcional e de xeito extraordinario por celebrarse en Galicia, e tendo en conta a petición de apoio que achega a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, unha axuda económica, condicionada á entrega dunha memoria final xustificativa dos gastos, para a participación do equipo representativo da Universidade de Vigo no XXXIII campionato nacional de fútbol-sala do PAS.

Aprobar unha axuda económica para o desenvolvemento en Pontevedra do espazo urbano para emprendedores "Pont Up Store 2015".

Aprobar unha axuda económica para a organización no Campus de Ourense da "I Xornada Internacional de Lactación, corpo, sexualidades. Olladas históricas".

Aprobar unha axuda económica como colaboración co programa formativo "+INCUVI 2015".

Aprobar a distribución das 51 bolsas-colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso 2015/2016.

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Debuxo	1
Pintura	1
Escultura	1
Lingua española	1
Filoloxía galega e latina	1
Filoloxía inglesa, francesa e alemá	1
Historia, arte e xeografía	1
Tradución e lingüística	2
Literatura española e teoría da literatura	1
Análise e intervención psicosocioeducativa	1
Dereito privado	1
Dereito público	1
Dereito público especial	1
Didáctica, organización escolar e métodos de investigación	1
Didácticas especiais	2
Economía aplicada	1
Economia financeira e contabilidade	1
Fundamentos da análise económica e hª e instituc. Econ.	1
Organización de empresas e marketing	1
Psicoloxía evolutiva e comunicación	1
Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía	1
Comunicación audiovisual e publicidade	1
Deseño na enxeñería	1
Enxeñería eléctrica	1
Enxeñería mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1
Enxeñería química	1
Enxeñería dos materiais, mecánica aplicada e construción	1
Enxeñería dos recursos naturais e medio ambiente	2
Enxeñería dos sistemas e automática	1
Física aplicada	2
Informática	1
Matemática aplicada II	1
Tecnoloxía electrónica	1

Enxeñería telematica	1
Teoría do sinal e comunicacións	1
Bioloxía funcional e ciencias da saúde	1
Bioloxía vexetal e ciencias do solo	1
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	2
Ecoloxía e bioloxía animal	2
Estatística e investigación operativa	1
Química analítica e alimentaria	1
Química física	1
Química orgánica	1
Química inorgánica	1
Xeociencias mariñas e ordenación do territorio	1

Así mesmo, apróbase a seguinte relación priorizada para o suposto dunha eventual insuficiencia de candidatos para as bolsas anteriormente asignadas:

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS	1
ENXEÑARÍA QUÍMICA	1
QUÍMICA FÍSICA	1
BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	1
QUÍMICA ANALÍTICA	1

Aprobar unha axuda económica para a edición do "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo 2005-2010", atendendo ás normas do Consello Social e solicitando o envío de 50 exemplares.

Autorizar unha axuda económica a favor de don Luis Espada Recarey para a presentación e difusión do "Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo 2005-2010" no "XII Foro sobre a avaliación da calidade da investigación e a educación superior".

Aprobar unha axuda económica para o desenvolvemento do Plan de mentoría para os alumnos de novo ingreso da Escola de Enxeñería de Telecomunicación, ao que se engade por primeira vez aos alumnos da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Aprobar unha axuda económica para a elaboración do "Estudo índice de percep-

ción de empregabilidade, confianza e valoración dos alumnos da Universidade de Vigo", debendo dispor os medios para que o cuestionario sexa accesible tanto en galego como en castelán.

Aprobar unha axuda económica, a solicitude do Campus CREA, para a participación de estudantes de Belas Artes e Comunicación nun curso de aprendizaxe das últimas tendencias tecnolóxicas no Campus "Exploradores 15".

Aprobar unha axuda como apoio económico aos actos conmemorativos a desenvolver nos tres Campus co gallo dos 25 anos da Universidade de Vigo.

Aprobar unha axuda económica para o desenvolvemento do "I Congreso internacional sobre fronteiras comparadas".

Conceder, vista a solicitude da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas para a organización dun Curso de perforación xeométrica, unha axuda económica por estudante da comunidade universitaria ou recente egresado que se matricule.

Aprobar unha axuda económica, condicionada a que acredite o importe concedida polo Ministerio de Economía, para o desenvolvemento da Xornada internacional "Roma e a unificación do dereito contractual en Europa".

Aprazar a unha próxima reunión a decisión sobre a solicitude de axuda para a realización do "Curso cero: acceso ás titulacións da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo", e solicitar ao respecto un informe á Vicerreitoría de organización académica e profesorado, a fin de coñecer con carácter xeral como pode afectar a outras titulacións en semellante situación e ao cumprimento do POD.

Conceder unha axuda económica á Asociación de Aulas de Formación Aberta, para o desenvolvemento de actividades relacionadas con conferencias e presenza nas XIV Xornadas internacionais de universitarios seniors.

Aprobar unha axuda económica para o desenvolvemento do Acto de entrega do galardón "Amigo Distinguido" que organiza a Asociación de amigos e antigos alumnos da Universidade de Vigo.

Propoñer a seguinte reasignación definitiva e unha lista de agarda complementaria e ordenada das bolsas-colaboración concedidas á Universidade de Vigo polo Ministerio e Educación para o curso 2015/2016, vista a información aportada pola Sección de Bolsas da Universidade de Vigo e do insuficiente número de vacantes respecto ao número de alumnos que cumpren os requisitos, e considerando as circunstancias que concorren en determinados casos e aplicando os criterios establecidos polo Consello Social, e ponderados todos eles.

Reasignación Definitiva

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Análise e intervención psicosocioeducativa	1
Psicoloxía educativa e comunicación	1
Economía financeira e contabilidade	1
Física aplicada	1
Didácticas especiais	1
Literatura española e teoría da literatura	1

Lista de agarda

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Química orgánica	1
Filoloxía inglesa, francesa e alemá	1
Debuxo	1

Aprobar unha axuda económica para o desenvolvemento do acto de presentación do Campus CREA S2i.

Conceder unha axuda económica para a organización das "IV Xornadas sobre cuestións prácticas do dereito procesual civil".

Aprobar unha axuda económica para a edición dun número extraordinario da revista Tres Campus dedicado especialmente aos 25 anos da Universidade de Vigo, debendo entregar 50 exemplares ao Consello Social.

ORZAMENTOS: EXERCICIO 2015

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONSELLO SOCIAL



Acceso ó edificio Miralles, onde se ubica o Consello Social, no Campus de Vigo.

CRÉDITO INICIAL	**367.850 €**
Saldo Obrigacións	288.469 €
Saldo Comprometido	1.890 €
Crédito Retido	45.449 €
CRÉDITO DISPOÑIBLE	**32.042 €**
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	**335.808 €**
Execución sobre o crédito inicial	* 91,29 % *

REUNIÓNS E COMPARECENCIAS

CONVOCATORIAS OFICIAIS.
CONFERENCIA CONSELLOS SOCIAIS.

ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN

O presidente, **don Ernesto Pedrosa Silva**, e o secretario, **don Ignacio Rodríguez Iglesias**, asistiron ás seguintes reunións da Asemblea xeral da Asociación Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, nas que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:



O presidente da Xunta, o alcalde de Vigo e o presidente do Consello Social, con outras autoridades académicas e municipais na graduación de Industriais.

24 de febreiro (Madrid) (Asemblea extraordinaria)

Constitución da Mesa Electoral contemplada no artigo 10.1 das Normas electorais para a substitución do presidente e un vocal do Comité Executivo da Conferencia.

Proclamación do novo presidente da Conferencia e de novo vocal do Comité Executivo, segundo o disposto no artigo 10.3 das Normas electorais para a substitución do presidente e un vocal do Comité Executivo da Conferencia. Acordos que procedan.

11 de xuño (Madrid)

Presentación dos eixes de actuación da conferencia para 2015. Acordos que procedan.

Acordos que procedan en torno á presentación das contas anuais da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas correspondentes ao exercicio económico 2014. Presentación da publicación Consellos Sociais e presupostos universitarios: guía básica editada pola Conferencia de Consellos Sociais.

12 de novembro (Madrid)

Acordos que procedan en torno á firma dun convenio entre a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, a Fundación CYD e a Cámara de Comercio de España para a realización dun estudo sobre o impacto na contribución na mellora dos sistemas universitarios e da súa contribución ao desenvolvemento das reformas estruturais nos sistemas universitarios europeos.

Presentación e aprobación, se procede, do presuposto da Conferencia para o exercicio económico 2016.

COMISIÓN DE TRANSFERENCIA E RELACIÓNS COA SOCIEDADE

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, asistiu ás seguintes reunións da Comisión de Transferencia e Relacións coa Sociedade, nas que se trataron, entre outros asuntos de interese:

7 de xullo (Madrid)

Presentación do estudo a realizar entre a Conferencia de Consellos Sociais, ANECA e REDFUE sobre as actuacións de universidades e empregadores para favorecer a empregabilidade e a incorporación dos titulados universitarios ao mercado laboral. Acordos que procedan.

Liñas de actuación da Comisión para 2015. Acordos que procedan.

15 de setembro (Madrid) (xunto ao presidente, asiste o secretario, don Ignacio Rodríguez Iglesias)

Presentación e debate sobre as actividades despregadas por as universidades en materia de empregabilidade. Acordos que procedan.

Asemblea xeral e xornadas da Conferencia de Consellos Sociais. Acordos que procedan para a súa elevación ao Comité Executivo.

Liñas de actuación da Comisión para 2016. Acordos que procedan.

11 de novembro (Madrid)

Presentación do informe resumo sobre políticas e estratexias de empregabilidade das universidades españolas. Acordos que procedan.

Acordos que procedan en torno á proposta de elaboración dun libro branco sobre mecenado universitario.

COMISIÓN ACADÉMICA

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, asistiu á reunión da Comisión Académica, na que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

20 de xullo (Arteixo, A Coruña)

Cooperación entre a Conferencia de Consellos Sociais, a Cámara de Comercio e España a Fundación CYD para a análise de modelos de éxito na mellora do funcionamento dos sistemas universitarios europeos. Acordos que procedan.

Liñas de actuación da Comisión para 2015. Acordos que procedan.

Informe sobre os últimos reais decretos promulgados en materia de creación, recoñecemento e acreditación de universidades e centros universitarios, así como de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios. Acordos que procedan.

COMISIÓN ECONÓMICA

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, asistiu á reunión da Comisión Económica, para tratar, entre outros asuntos:

10 de setembro (Madrid)

Acordos que procedan en torno ao Informe de fiscalización das universidades públicas correspondente ao exercicio 2012 elaborado polo Tribunal de Contas.

Presentación técnica da guía Consellos sociais e presupostos universitarios. Acordos que procedan.

Acordos que procedan en torno á elaboración dunha guía básica cos procedementos a seguir polos consellos sociais nos ámbitos das relacións coas Unidades de Control Interno e do seguimento das recomendacións dos órganos externos de Control.

COMISIÓN DE SECRETARIOS

O secretario do Consello Social, don Ignacio Rodríguez Iglesias, en calidade de vocal, asistiu á reunión do Pleno da Comisión de secretarios de consellos sociais, na que se tratou sobre:

12 de novembro (Madrid)

Control interno. Dependencia dos consellos sociais.

Eleccións á presidencia da Comisión de secretarios dos consellos sociais.

CONVOCATORIAS OFICIAIS. GALICIA

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, asistiu á sesión extraordinaria do Pleno do Consello Galego de Universidades no que se abordaron, entre outros asuntos, os que seguen:

3 de xuño (Santiago de Compostela)

Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais para o curso 2015/2016.

Informe sobre autorización de implantación nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias oficias de Grao, Máster universitario e Doutoramento, para o curso 2015/2016.

Informe sobre revogación de títulos universitarios oficiais nas universidades do SUG.

Informe sobre o proxecto de Decreto sobre a modificación da denominación da Escola de Negocios Caixanova.

PADROADO DA FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, asistiu á xuntanzas do Padroado da Fundación da Universidade de Vigo nas que se trataron, entre outros, os seguintes temas:

20 de abril (Vigo)

Valoración, e aprobación no seu caso, da posta en marcha de novas actividades Informe, e validación no seu caso, de actuacións en materia laboral da FUVI: reclamación laboral; liquidación e proposta de obxectivos anuais da dirección da Fundación.

26 de xuño (Vigo)

Avaliación do desenvolvemento dos encargos de xestión.

7 de outubro (Vigo)

Informe da dirección (informe económico e seguimento orzamentario a data 31 de agosto; estado de convenios e actividades realizadas).

Informe e aprobación no seu caso, de actuacións en materia de xestión de persoal: devolución da paga extraordinaria de 2012; contratos e convocatorias.

Valoración da organización do Congreso ACLES-2017.

16 de decembro (Vigo)

Informe e aprobación no seu caso, de actuacións en materia de xestión de persoal. (contratos laborais, listas de agarda).

Aprobación, se procede, do Plan de actuación e orzamento da Fundación de 2016.

CONVOCATORIAS OFICIAIS. VIGO

CIDADE UNIVERSITARIA, S.A.

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, asistiu á xuntanzas de Cidade Universitaria, para abordar os seguintes asuntos, entre outros:

Consellos de administración:

23 de marzo (Vigo)

Formulación polo Consello de administración das Contas anuais da sociedade: Balance de situación, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto e memoria, correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2014.

Formulación do consello de administración da sociedade, na súa condición de administrador único, das contas anuais da sociedade TENDA UNIVERSITARIA DE VIGO, S.L: Balance de situación, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto, e memoria correspondentes

ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2014, así como a formulación da aplicación do resultado do exercicio.

Cese da entidade VIBARCO, S.L. como membro da Comisión executiva e nomeamento se procede da sociedade CXG Xestión Inmobiliaria Corporación Caixagalicia, S.L.U como novo membro da Comisión executiva en substitución da anterior.

20 de maio (Vigo)
Deliberación dos artigos dos Estatutos sociais a modificar para adaptalos á lexislación vixente. Subscrición do Informe sobre a modificación dos Estatutos sociais.

Información sobre as modificacións introducidas pola Lei 31/2014, de 3 de decembro, pola que se modifica a Lei de sociedades de capital, e acordo sobre a modificación, no seu caso, dos estatutos sociais da sociedade.

Convocatoria da Xunta xeral ordinaria de accionistas da sociedade para a aprobación das Contas anuais da sociedade formuladas neste Consello de administración.

XUNTA XERAL ORDINARIA DE ACCIONISTAS:

20 de maio (Vigo)
Ratificación da constitución da Xunta xeral ordinaria e designación do presidente e secretario da mesma.

Aprobación ou censura das Contas anuais correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2014.

Aprobación ou censura da xestión social no exercicio pechado a 31 de decembro de 2014, así como do Informe de xestión correspondente a dito exercicio.

Aprobación ou censura, na condición de socio único, das Contas anuais da sociedade TENDA UNIVERSITARIA DE VIGO, S.L, correspondentes ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2014, así como aprobación, no seu caso, da proposta de aplicación do resultado de dito exercicio e aprobación ou censura da xestión social.

Modificación, no seu caso, do artigo 7 dos Estatutos sociais relativo ao réxime de transmisión de accións.

ASISTENCIA A OUTROS ACTOS.

22.01.15 O presidente reuniuse co vicerreitor do Campus de Pontevedra para tratar aspectos sobre a colaboración mutua entre o Consello Social e o Campus.



Don Ernesto Pedrosa co vicerreitor do Campus de Ourense.

27.01.15 O presidente reuniuse co vicerreitor do Campus de Ourense para tratar a posible colaboración do Consello Social na convocatoria convocatoria de "Bolsas Ourense no Exterior" para o curso académico 2015/2016.

29.01.15 O presidente, o secretario e outros membros do Consello Social asistiron ao Acto académico da festividade de San Tomé de Aquino, patrón da Universidade. Dito acto celebrouse no Salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo. O presidente participou na entrega de distincións académicas do curso 2013/2014.



Don Ernesto Pedrosa situouse á dereita do Reitor, don Salustiano Mato

05.02.15 O presidente acudiu á entrega dos Premios Aproin "Edificio Galego 10", na súa XXI edición. Dito acto tivo lugar no Círculo de Empresarios de Galicia.

27.02.15 O presidente participou na inauguración da IV edición do salón da Educación e Formación de Galicia "EDUGAL", organizado pola Asociación de Empresarios da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra no recinto feiral.

02.03.15 O presidente asistiu a un almorzo informativo do "Fórum Europa. Tribuna Galicia" con dona María Fernández Currás, secretaria de estado de presupostos e gastos, presentado por don Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia.

03.03.15 O presidente reuniuse coa directora da Escola de Enxeñería de Telecomunicación para informarse do desenvolvemento do Plan de mentoría para os alumnos de novo ingreso. Este mesmo día, pola tarde, o presidente asistiu á Conferencia "A saída da crise" impartida por don Manuel Pizarro Moreno e organizada pola Cátedra "Almirante Álvarez-Ossorio".

13.03.15 O presidente asistiu á inauguración da exposición "Camiño. A orixe" no Museo Centro Gaiás en Santiago de Compostela.

16.03.15 O presidente asistiu a un almorzo informativo do "Fórum Europa. Tribuna Galicia" con don Agustín Hernández, alcalde de Santiago de Compostela.

19.03.15 O presidente asistiu ao Acto homenaxe ao persoal xubilado da Universidade de Vigo.



Autoridades académicas e homenaxeados posaron ó final do acto.

A primeira mesa coloquio estivo composta polos representantes de grao, máster e senior, moderada polo vicerreitor do Campus de Pontevedra, Juan Manuel Corbacho. O debate contou cunha animada participación do público. No transcurso do mesmo quedou de manifesto que os alumnos chegan á universidade con sentimentos contraditorios, que oscilan entre a desconfianza e o entusiasmo. Se só encontran formalismo e rutina, non tardan en caer na decepción. É preciso que os docentes sexan algo máis que profesores que ensinan, deben ser elementos activos que animen, estimulen aos alumnos, que os vexan como individuos, non como masa e extraian e proxecten o mellor de cada un. Esa universidade xerará o seu propio efecto retorno, manifestado tanto polos alumnos que, sendo xa profesionais, regresan para formarse complementariamente ou redefinirse a través dos cursos de posgrao, en tanto os alumnos de senior enriquecen co seu entusiasmo, exemplo e iniciativas á propia universidade e constitúen un exemplo práctico de que se aprende sempre.

Os alumnos senior reivindican a súa experiencia vital, son ao tempo sociedade e universitarios e son necesarios para a boa saúde do mundo académico. "O falecemento dunha persoa maior experimentada sen transmitir as súas ensinanzas, é como se prendésese lume a unha biblioteca". Os seniors crearon unha plataforma que nace en Galicia, extrapolable a toda España, ademais dunha biblioteca dos alumnos para os programas de maiores. O seu entusiasmo é unha reserva valiosa para a universidade.

Da conferencia ditada pola Doutora Aurora García xunto ao director do Diario de Pontevedra, Pedro Pérez, extráese como conclusión que non só é preciso que a universidade canalice adecuadamente a información que xera, senón que son precisos nos medios periodistas especializados que coñezan ben este mundo e saiban extraer todas as posibilidades do caudal informativo que esta xera, de interese para a sociedade. Ha de ser esta información non só un elemento de servizo, senón de creación de opinións críticas, que axuda á universidade a proxectarse como un ser vivo, dinámico, útil e receptor. A universidade nunca debe ser vista como un negocio a curto prazo. O seu obxectivo debe ser ofrecer solucións áxiles que non se eternicen e ademais que esas accións sexan coñecidas.

¿Como se chega á universidade?. Especialmente crítica, dentro do foro, foi a mesa redonda entre docentes, que representaban aos tres niveis da educación e a ensinanza: dende a escola primaria á ensinanza superior, sobre como se accede á universidade.

Unha das conclusión relevantes foi a necesidade de recuperar o prestixio social das ensinanzas profesionais fronte ao tópico de que todo o mundo ten que ser universitario. O debate centrouse máis nas controversias e disfuncións que producen as sucesivas reformas das leis educativas e os seus efectos negativos. Ponderouse o papel da familia como elemento que ahorma do proceso educativo. Neste senso, as relatoras coincidiron en criticar a actual LONCE que convirte o desenvolvemento educativo do alumno nunha carreira de obstáculos, impropios e intransitables nas súas diversas etapas, en tanto se destruíron as vantaxes e racionalidade da LOGSE, esquecendo que a educación é ante todo un dereito.

Con respecto á propia imaxe pública da universidade, quedou de manifesto que, ademais de ser una espazo para aprender e formarse, esta debe presentarse ante a sociedade, a través dos actos da súa vida ordinaria, solemnes ou non, conforme á estima e respecto que merece a función que recae sobre ela. Non se trata de mero ritualismo, senón de mostrarse a través da tradición e simboloxía que a acerque ao afecto e a estima dos cidadáns. Os actos da Universidade fomentan a socialización e o coñecemento universal, son a expresión do poder e a soberanía. Os consellos sociais son a representación da sociedade na universidade e debe advertirse en todo momento.

Como colofón deste foro ditou unha conferencia o presidente do Consello Social da Universidade de Oviedo, Lalo Azcona, coñecido pola súa traxectoria periodística en Televisión Española e actual faceta de empresario e coleccionista de arte.

Tomando como modelo o sistema norteamericano, reclamou para a universidade española maior ambición, rigor e sentido competitivo. Dixo que a universidade é barata para os alumnos, cousa que non sempre se valora, sobre todo se se compara con outros sistemas universitarios, como o norteamericano. Os alumnos das universidades estadounidenses (debido ao sistema americano de filantropía), son máis leais aos seus centros pois, unha vez egresados, axudan economicamente á universidade que os formou, para brindar a outros a oportunidade que a sociedade lles brindou.

OBSERVATORIO DE EGRESADOS.

O Consello Social promove a localización e identificación dos egresados da Universidade de Vigo desde 1990, cando abriu as súas portas. Un laborioso, esixente e transcendental traballo de miles de horas que levan a cabo Luis Espada (que fora o primeiro Reitor da UVigo) e o profesor Manuel Martínez Cacharrón. Entre os primei-

ros datos obtidos, o estudo anticipa que o 20% dos egresados reside fóra de Galicia e que o 95% dos que están no estranxeiro traballa en ámbitos da súa profesión, e o 9% ocupa postos directivos. En termos xerais, o 79% dos titulados acadou un emprego, o 62% como técnicos cualificados e o 20% como mandos intermedios.

Tamén son obxectivos do estudo saber se aos egresados custoulles atopar traballo, en canto tempo o conseguiron e cales foron as materias máis útiles na súa carreira.
Na primeira fase do estudo foron localizados e identificados 3.000 ex-alumnos, pertencentes ás promocións de 2005 a 2010, que conforman a base inicial de datos e que deron o seu consentimento para recibir informacións da Universidade de Vigo.

Actualmente investígase nas promocións anteriores, ata 1990. En total, entre 1990 e 2005, o número de egresados dos que se busca información supera ás 43.000 persoas tituladas, ás que se tenta localizar mediante chamadas, cartas ou e-mails, marcándose como obxectivo acadar unha base de datos que acolla entre 9.000 e 10.000 egresados no prazo 2015-2017.

Este proxecto xorde co propósito de dotar á Universidade de Vigo dunha unidade responsable de levar a cabo a estratexia de seguimento das persoas tituladas e de coordinar todo o relativo ao antigo alumnado.



Don Ernesto Pedrosa con Don Luís Espada.


Configúrase como un Observatorio permanente para consolidar os vínculos cos antigos alumnos a partir do estudo das súas traxectorias e situación laboral, coa finalidade de dispor dunha información actualizada, fiable e útil para a toma de decisións no ámbito da Universidade.

Este Observatorio sería o encargado de estreitar a vinculación entre a universidade e aqueles que se forman nela. É unha necesidade que fomenta, favorece e mantén a comunicación e vinculación constante con eles, reforzando a súa pertenza á institución.

OBXECTIVOS:

Ofrecer á Universidade de Vigo información oportuna e veraz relacionada cos seus titulados a partir dun programa continuado de seguimento e actualización da información.

Recompilar, xerar e difundir información relevante sobre o proceso de inserción profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo.



Mapa da presencia no mundo de egresados da Universidade de Vigo

FUNCIÓNS:

Elaboración e realización de estudos e enquisas de seguimento de egresados.

Planificar e encamiñar a información institucional ao colectivo de egresados.

Crear e consolidar unha base de datos actualizada por ano de promoción con todos os titulados das diferentes titulacións da Universidade de Vigo.

Elaboración e difusión de informes de inserción laboral que permitan realizar un seguimento permanente da evolución do titulado e a súa proxección profesional.

Establecer estratexias de participación e apoiar na realización de eventos académicos, divulgativos, sociais e culturais, nos que se integren as persoas titulados coas temáticas que sexan consideradas de interese.

Dar seguimento e apoio aos egresados en todo o relativo aos campos laboral e no académico.

Articular, en coordinación cos centros, titulacións e/ou departamentos, as actividades de extensión e de formación permanente coas persoas egresadas.

Apoio e outras funcións da Vicerreitoría de Estudantes e/ou Consello Social.

Sobre o Observatorio, o presidente do Consello Social, afirmou na súa presentación que se trata dunha achega determinante porque "enche un baleiro" que ten a universidade, e que sería especialmente

útil para os alumnos actuais porque lles axudará a saber "en que, como e onde traballan os que pasaron antes polas aulas. Reflicte unha experiencia que permitirá anticipar o mundo laboral que agarda aos alumnos de hoxe". Don Ernesto Pedrosa agradece a don Luis Espada o "valiosísimo estudo, porque é pioneiro é heroico", e eloxia a "súa decidida e laboriosa inmersión para sacar á luz estas pezas imprescindibles para elaborar o mapa físico da eficiencia da nosa universidade". Tras considerar, así mesmo, que é básico o contacto cos ex-alumnos "porque nos dan información para coñecer a actividade das ensinanzas que recibiron, e porque téndoos preto achegarán experiencia e recursos á universidade".

PRÁCTICUMS. Plan de apoio ás titulacións con prácticums que atopan dificultades para realizar as prácticas preprofesionais.

Co obxectivo específico de fomentar a adaptación dos perfís de egreso dos titulados ás demandas dos empregadores, complementar a formación dos estudantes fóra das aulas, propiciar as prácticas e mellorar as expectativas no mercado laboral, e en cumprimento das competencias de promoción e impulso das actividades universitarias recollido na normativa que lle é aplicable, o Consello Social convoca axudas ás titulacións da Universidade de Vigo que presenten maiores dificultades para que os seus alumnos accedan ás prácticas preprofesionais, por desenvolverse a súa formación en áreas pouco axeitadas para a formalización de convenios.

Con esta iniciativa, o Consello Social tenta promover fóra das aulas actividades de orientación laboral e inserción na vida práctica preprofesional, así como achegar información e asesoramento aos alumnos sobre as posibilidades de emprego nos distintos sectores da produción, a industria, as administracións, os servizos, etc..., mediante a realización de talleres, seminarios, prácticums, visitas, relatorios, mesas redondas ou conferencias, con profesionais relevantes no ámbito de que se trate.

As axudas foron concedidas ás seguintes facultades:

- Facultade de Filoloxía e Tradución. Campus de Vigo
- Facultade de Bioloxía. Campus de Vigo
- Facultade de Ciencias do Mar. Campus de Vigo
- Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus de Vigo
- Facultade de Dereito. Campus de Ourense
- Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Campus de Ourense
- Facultade de Historia. Campus de Ourense
- Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus de Pontevedra
- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Campus de Pontevedra.
- Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda. Campus de Pontevedra

CONVENIO COA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO.

Entre os acordos de colaboración firmados en 2015, o Consello Social renovou a alianza coa Fundación Universidade de Vigo, para promover a cooperación entre a universidade e o seu entorno empresarial e institucional, ademais de promover a realización de actividades que favorezan a integración e achegamento do estudantado ás demandas do mercado laboral, e favorecer as actividades orientadas a completar a formación dos universitarios, así como elaborar estudos sobre materias de interese.

As iniciativas desenvolvidas máis destacadas centráronse nun detallado "Informe de prácticas académicas externas extracurriculares, por sectores empresariais e titulacións do curso académico 2014-2015"; o deseño e posta en marcha dun estudo cualitativo das prácticas académicas externas realizadas dende o punto de vista dos egresados e o alumnado, analizado entre outros factores as competencias desenvolvidas e adquiridas, e a valoración das empresas ou entidades, o que permitirá coñecer as competencias técnicas máis demandadas e identificar as necesidades formativas complementarias; realización de obradoiros sobre técnicas de procura de emprego e emprendemento dirixidas ao estudantado; e a elaboración e entrega ao alumnado de diverso material de apoio no emprego e o emprendemento.

PLAN DE ACOLLIDA A NOVOS ALUMNOS.

O Consello Social promove activamente o desenvolvemento de programas que faciliten a acollida e a integración dos novos alumnos que se incorporan cada curso á universidade. Entre as iniciativas desenvolvidas destaca o Plan de Mentoría Formal, tanto na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións como na Facultade de Filoloxía e Tradución, para formar como mentores a estudantes dos últimos cursos, a fin de que adquiran os coñecementos e as ferramentas necesarias para facilitar a etapa universitaria das novas promocións. O programa componse de 67 horas de formación presencial e 15 horas de sesións formativas, sobre a intelixencia emocional, xestión do tempo, técnicas de estudo, autocoñecemento, motivación, liderado e habilidades sociais, habilidades de benestar e vida, comunicación e aplicación de mentoring. Para o curso 2015/2016 o soporte do programa son 42 mentores, entre alumnado senior, alumnado voluntario con varios anos de experiencia e seleccionados entre os inscritos nunha convocatoria específica para veteranos.

A capacitación e a función dos mentores non só inflúe positivamente no rendemento académico dos novos alumnos (consonte datos estatísticos avaliados) senón que supón un beneficio engadido para os propios mentores cara a súa empregabilidade.

BOLSAS "OURENSE NO EXTERIOR".

O Consello Social, en colaboración coa Deputación provincial de Ourense e a Universidade de Vigo, desenvolve un programa de mobilidade internacional para a oferta de estudos de mestrado oficial no Campus Ourense a estudantes no estranxeiro. Os candidatos deberán estar en posesión dos requisitos académicos necesarios para acceder á titulación que pretendan cursar, estarán exentos do pago da matrícula e terán axudas para gastos de viaxe e gastos de aloxamento.

Estas bolsas, que se orientan inicialmente a descendentes de emigrantes, cunha elevada presenza de alumnos latinoamericanos, priorizan actualmente o expediente académico dos aspirantes.



O presidente da Deputación de Ourense e o Reitor da Universidade de Vigo, durante a firma co presidente do Consello Social.

ESTUDO CONFIANZA.

O Consello Social impulsou a creación dun estudo para coñecer a percepción laboral e mediar a confianza dos estudantes da Universidade de Vigo, co obxectivo de diagnosticar e actuar sobre a brecha entre inserción laboral dos egresados e o mundo do traballo. O Traballo, realizado polas profesoras Gloria Caballero, Mª Jesús López Miguens e Ana Míguez Comesaña, tenta, entre outras propostas, identificar que pensan os alumnos dos últimos cursos da Universidade de Vigo sobre as posibilidades de atopar traballo en varios escenarios e atendendo ao ámbito dos estudos; como creen e valoran a formación recibida na universidade e como valoran a reputación da institución e se séntense identificados con ela; como valoran aos profesores e as prestacións universitarias e que valor lle dan para acceder ao mercado laboral; que percepción teñen da familia e dos grupos sociais; se confían nos seus coñecementos, as súas cualidades, e se confían nos procesos de selección; se saben o que queren con certeza; que valoración fan de se mesmos e das súas potencialidades. Trátase, en fin, dunha radiografía completa que revela datos de gran valor para saber a temperatura académica, persoal e emocional dos estudantes universitarios, a súa predisposición e actitude e a pegada da universidade nos seus proxectos vitais, tanto persoais como profesionais.

Acceso á web do estudo:
http://consellosocial.webs.uvigoes/?p=6523

PUBLICACIÓNS

RESUME DE ACTIVIDADES



UNIVERSIDADES EGREGIAS. (José Mª Franco García)

Aborda este traballo unha meritoria pescuda sobre catro grandes e arraigadas universidades e as súas historias, para trazar un paralelismo coa Universidade de Vigo, para coñecer, comparar, distinguir e avaliar cada unha delas. Como se relacionan coa sociedade e cos medios, como fidelizan aos seus egresados, como renden contas, ou como se achegan ao mecenado, son algúns dos aspectos analizados neste singular e oportuno enfoque que realiza o autor.



SITUACIÓN PROFESIONAL DOS TITULADOS.
(Luis Espada Recarey - Victor M. Martínez Cacharrón).

Resultados dos estudos feitos sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas na Universidade de Vigo entre 2005 e 2010. Os datos permiten coñecer o que pensa o antigo alumnado sobre a formación universitaria, a orientación para o emprego, a situación laboral actual, as características do primeiro emprego ou o lugar de residencia. A culminación do estudo permitiu iniciar unha base de datos de egresados e crear unha estratexia de fidelización.

CARPETAS-GUIA PARA NOVOS ALUMNOS.



O Consello Social renova a iniciativa de elaborar e distribuír carpetas-guía para os alumnos que se matriculen por primeira vez na Universidade de Vigo no curso académico 2015-2016. O obxectivo é facilitar o proceso de acollida e integración dos novos estudantes, posibilitando un acceso fácil aos servizos dos Campus (direccións, teléfonos e localizacións), os emprazamentos físicos dos centros e dos servizos e á oferta académica completa das distintas Facultades, así como os contactos e un vocabulario básico para comprender a realidade universitaria. Nesta edición incorporaranse novos contidos para ampliar a información.

MEMORIA DO CONSELLO SOCIAL 2014.



Dando cumprimento ao disposto na Lei e na normativa aplicable, o Consello Social elabora unha Memoria das súas actividades que remitirá ao Parlamento de Galicia e á Consellería competente. A publicación que recolle esta Memoria achégase por extensión ás diferentes organizacións, instancias e administracións relacionadas co propio Consello Social ou que teñen vinculación co ámbito educativo, en xeral, ou universitario, en particular. Tamén se remite aos consellos sociais das universidades españolas. A Memoria recompila as iniciativas, acordos, e sesión celebradas, así como patrocinios, comparecencias, axudas ou foros nos que está representado o Consello Social.

NOVO LOGO DO CONSELLO SOCIAL.



Despois de varios meses desenvolvendo unha imaxe propia en contraste evolución, o Consello Social renovou a súa identidade corporativa, evolucionando a imaxe anterior. Así na nova proposta mantense o elemento máis identificativo das ramas de oliveira simbolizando os tres Campus, ademais de preservar as cores orixinais e aplicar unha simplificación xeométrica e unha mellora da forma en xeral. A intención, trasladada á Área de Imaxe para a súa execución, era unha rápida implantación en todos os soportes actuais sen que provocase un cambio importante en cuestión de formatos.

REVISTA DE PRENSA

RESUME DE ACTIVIDADES

Atlántico - Xoves, 14 de xaneiro de 2016



Universitas

O Consello Social dá o visto e prace definitivo ao orzamento para 2016

O reitor destacou o impulso do CREAS2i como un dos obxectivos do vindeiro exercicio

Fomento da mobilidade do alumnado con menos recursos

Comedores nas Facultades

Atlántico - Venres, 23 de outubro de 2015



VIGO

La Universidad estudia el ejemplo de EEUU para lograr mecenas

Vigo organiza la tercera jornada de "fundraising" y mecenazgo con numerosos expertos

"Es urgente abrir un debate sobre la captación de fondos privados"

JEFF SNYDER

"El mecenazgo es la forma que tienen las empresas de mejorar el mundo"

LALO AZCONA

"Las grandes fortunas hacen donaciones millonarias a museos, pero no a la Universidad"

Diario de Pontevedra - luns, 20 de abril de 2015

El "Foro del Consello Social" examina los 25 años de la Universidad de Vigo

REDACCIÓN
VIGO

Bajo el lema "Comunicación necesaria" el próximo 24 de abril se celebrará en la Facultad de Ciencias Sociales y de la Comunicación el "Foro del Consello Social", consistente en una serie de conferencias y mesas redondas, con participación de los propios alumnos, a través de las cuales se examinará el balance de los primeros 25 años de la Universidad de Vigo y se pasará revista a las potencialidades y disfunciones de la institución, desde una perspectiva crítica.

El que fuera primer rector de la Universidad de Vigo, Doctor Luis Espada Recarey, pronunciará la lección inaugural titulada "Experiencia académica y profesional de los egresados de la UVigo. El valioso retorno de los egresados". Será presentado por el presidente del Consello Social Ernesto Pedrosa. Posteriormente, celebrará una mesa bajo el lema "Alumnos a cualquier edad: aprender para qué", moderada por el vicerrector del Campus de Pontevedra. El director del Diario de Pontevedra, Pedro Pérez, introducirá el tema "Qué pueden hacer los medios de comunicación", cuya ponencia correrá a cargo de Aurora Gareía González, profesora de la Universidad de Vigo. Tras el coloquio, la profesora Martha González Peláez, presidente del Observatorio iberoamericano de estudios de Comunicación leerá las primeras conclusiones.

En la sesión de tarde se celebrará una mesa coloquio sobre el tema "Cómo se llega a la universidad". Moderará la Doctor Emma Torres, decana de la Facultad e intervendrán Dolores del Mar Sánchez González, Pilar Pin y Laura López Atrio. Seguirá la ponencia "La imagen pública de la Universidad". A cargo de Fernando Ramos, director del Foro. Julio Rodríguez, director dc "Atlántico Diario" introducirá el tema. Conferencia de clausura, titulada "Universidad-sociedad: que se entiendan mejor es posible", a cargo de Ladislao Azcona, presidente del Consejo Social de la Universidad de Oviedo. Será presentado por Ernesto Pedrosa. Finalmente, leerá las conclusiones Martha González, presidenta del Instituto Iberoamericano de Estudios de la Comunicación.

Faro de Vigo - Sábado, 25 de abril de 2015

La Universidad de Vigo debate sobre su relación con su entorno social

El primer rector de la institución, Luis Espada, participó ayer en el foro del Consello Social

REDACCIÓN ■ Pontevedra

Analizar las relaciones entre la Universidad de Vigo y la sociedad es el objetivo del foro que promueve en el campus de Pontevedra el Consello Social de la institución académica. El encuentro se abrió ayer con una pregunta del presidente del Consello Social de la Universidad, Ernesto Pedrosa, que se interrogó por qué universidades con siglos de historia no fueron capaces de impulsar una comunicación fluida con su entorno.

El foro se celebró bajo el lema "A comunicación necesaria" y durante el mismo distintos participantes auguraron un "gran cambio" en la universidad del futuro.

El primer rector de la Universidad de Vigo, Luis Espada, inauguró el encuentro ahondando en la relación de la institución con sus ya graduados, titulados que según se constata en un estudio que se presentará en breve "muestran mayoritariamente su voluntad de mantener una línea de contacto y colaboración con la institución".



El presidente del Consello Social de la UVI, Ernesto Pedrosa (segundo por la izq.) abre el foro. // R. V.

Atlántico - Mércores, 8 de abril de 2015

El Foro del Consello Social abordará los 25 años de la Universidade de Vigo

▶ Profesores, expertos y alumnos analizarán las potencialidades y disfunciones de la entidad ▶ El programa incluirá una ponencia sobre los medios de comunicación

PONTEVEDRA. Bajo el lema 'Comunicación necesaria, el próximo viernes 24 se celebrará en la Facultade de Ciencias Sociais el Foro del Consello Social de la Universidade de Vigo, cuyo programa incluirá conferencias y mesas redondas y contará con la participación de los propios alumnos. La iniciativa servirá para hacer balance de los primeros 25 años de la UVigo y se pasará revista a las potencialidades y disfunciones de la institución, «desde una perspectiva crítica», apunta la organización.

El primer rector de la entidad, Luis Espada, inaugurará el Foro con la conferencia 'Experiencia académica y profesional de los egresados de la UVigo. El valioso retorno'. Será presentado por el presidente del Consello Social, Ernesto Pedrosa, quien afirmó que «las universidades precisan todas las ayudas posibles» en el campo de la comunicación «para hacerlas más visibles, más conocidas y más cercanas, para entender mejor su existencia, comprender su funcionamiento, sus resultados, sus méritos, sus debilidades y su eficacia».

'Alumnos a cualquier edad: aprender para qué' será una mesa redonda moderada por el vicerrector del Campus de Pontevedra, Juan Manuel Corbacho, y participarán representantes de todos los niveles de las enseñanzas que imparte la Universidade de Vigo (grado, máster y programa de mayores). El director de Diario de Pontevedra, Pedro Pérez, presentará la ponencia 'Qué pueden hacer los medios de comunicación', a cargo de la doctora Aurora García, profesora del Área de Periodismo de la Universidade de Vigo. Tras el coloquio, la profesora Martha González Peláez, presidenta del Observatorio iberoamericano de estudios de Comunicación leerá las primeras conclusiones.

LA IMAGEN PÚBLICA. En la sesión de tarde se celebrará una mesa coloquio sobre 'Cómo se llega a la universidad', moderada por la decana de Ciencias Sociais, Emma Torres, con la interención de la doctora Dolores del Mar Sánchez González, profesora titular de la Uned; Pilar Pin, catedrática de Enseñanza Media, y la profesora Laura López. Seguirá la ponencia 'La imagen pública de la Universidad', a cargo del doctor Fernando Ramos, director del foro.

La matrícula es gratis en la web www.bubela.uvigo.es.

Diario de Pontevedra, Venres 23 de outubro de 2015



Generosidad y compromiso, claves para captar patrocinios

► Los expertos, que participan en las 'Xornadas de Fundraising e Mecenado' de Vigo, demandan un cambio de mentalidad

A.M.A. relanza su web para impulsar el contacto con los profesionales sanitarios

Jeff Snyder
Firmar con los sueños

Diario de Pontevedra, Sábado 25 de abril de 2015



GENTE A DIARIO

¡Menudo susto me llevé!

► Aparos. Mi madre se levantó muy mareada y supo que tenía un tumor

► Cidade I foro del Consello Social de la Uvigo en la Facultade de Ciencias Sociais

La Región, Xoves 4 de febreiro de 2016



Universitas

San Tomé comparte honores co alumnado máis excelente

Case un cento de estudantes reciben a insignia e a medalla da Universidade polos seus méritos académicos

La Región, Xoves 23 de abril de 2015



Universitas

Unindo puntos distantes para albiscar o futuro do campus pontevedrés

A Casa das Campás acolleu a conmemoración do Día Internacional da Creatividade e a Innovación, onde destacou un coloquio con profesionais de diferentes ámbitos

1.500 especialistas en organización en tres décadas de existencia

Diversas opcións para seguir formándose durante o verán

O 4 de maio ábrese a matrícula nos cursos de extensión universitaria do Campus de Pontevedra

La Voz de Galicia, Venres 24 de xulio de 2015



La Voz de Galicia | Venres, 24 de julio del 2015 | OURENSE | 17

Unanimidad del Consello Social en apoyo de Ingeniería Aeronáutica

La tramitación del futuro grao, pendiente ahora de la Xunta y la Acsug

Cuatro meses de avances para cerrar la primera etapa de tramitación

El Consello Social celebra a representación de la vida social y económica del eixo do Galicia, nesa ocasión

TIENDAS emprendedoras Galicia

Productos y servicios de emprendedoras gallegas a tu alcance Visítanos

www.emprendedorasgalicia.es

La Región, Xoves 26 de marzo de 2015



La Región

Universitas

Institucional

Homenaxe aos que fixeron posible a mellor universidade

A entidade académica agradeceu o labor desenvolvido polo seu persoal agora xubilado cun acto celebrado no Paraninfo, cando se cumpre un cuarto de século da súa fundación

Universitas

Volve Revbigo, a revista académico científica de Biodoc

A paixón por aprender non entende de idades na Universidade

Análise dos consumidores de prostitución en España

O Campus de Ourense Couso, campión de primeira



A UNIVERSIDADE DE VIGO EN DATOS

Nº DE ESTUDANTES POR TITULACIÓN, CENTROS E CAMPUS. CURSO 2015 / 2016

CAMPUS OURENSE CURSO 2015/2016

Escola Superior de Enxeñaría Informática	**582**
Enxeñeiro en Informática	19
Grao en Enxeñaría Informática	483
Grao en Administración e Dirección de Empresas / Grao en Enxeñería Informática	42
Máster Universitario en Enxeñería Informática	38
Facultade de Ciencias	**485**
Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	12
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	110
Grao en Ciencia Ambientais	193
Grao en Enxeñaría Agraria	83
Licenciado en Física	8
Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	1
Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	36
Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías Láser	10



Máster Universitario en Nutrición	32
Facultade de Ciencias da Educación	**1.557**
Grao en Educación Infantil	377
Grao en Educación Primaria	377
Grao en Educación Social	326
Grao en Traballo Social	311
Licenciado en Psicopedagoxía	10
Máster Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	26
Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar Contextos Educativos	49
Máster Universitario en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes	3
Máster Universitario no Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, FP	78
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	**942**
Grao en Administración e Dirección de Empresas	539
Grao en Turismo	293
Grao en Consultaría e Xestión da Información	8

Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa	31
Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	44
Máster Universitario en Xestión Empresarial e do Deporte	27
Facultade de Historia	**186**
Grao en Xeografía e Historia	148
Licenciado en Historia	1
Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	3
Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	34
Facultade de Dereito	**419**
Grao en Dereito	272
Grao en Administración e Dirección de Empresas / Grao en Dereito	42
Licenciado en Dereito (Rama Xeral)	52
Máster Universitario en Avogacía	47
Mástrer Universitario en Información Técnica do Medicamento	6
E.U. de Enfermería (Centro Adscrito)	196
Grao en Enfermería	196
TOTAL CAMPUS DE OURENSE	**4.367**

CAMPUS PONTEVEDRA CURSO 2015/2016

Escola de Enxeñaría Forestal	**223**
Enxeñeiro Técnico Forestal, Especialidade en Industriais Forestais	11
Grao en Enxeñaría Forestal	212
Facultade de Fisioterapia	**232**
Grao en Fisioterapia	232
Facultade de Belas Artes	**670**
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	5
Titulado Superior en Deseño Téxtil e Moda	83
Grado en Belas Artes	511
Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	36
Máster Universitario en Arte Contemporánea. Creación e Investigación	35

Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	**897**
Grao en Comunicación Audiovisual	223
Grao en Dirección e Xestión Pública	156
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	437
Máster Universitario en Dirección de Arte e Publicidade	40
Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional	41
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	1.345
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	528
Grado en Educación Infantil	350
Grao en Educación Primaria	349
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	12
Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	17
Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	37
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, FP	52
E.U. de Enfermería (Centro Adscrito)	**209**
Grao en Enfermería	209
Centro Universitario de Defensa (Centro Adscrito)	**311**
Grao en Enxeñería Mecánica	311
TOTAL CAMPUS DE PONTEVEDRA	**3.887**

CAMPUS VIGO CURSO 2015/2016

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	**958**
Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, Especialidade en Son e Imaxe	31
Enx. Téc. de Telecomunicación, Especialidade en Sistemas de Telecomunicación	33
Enxeñeiro de Telecomunicación	95
Grao en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación	729
Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación	35
Máster Universitario en Enxeñaría Matemática	1
Máster Universitario en Enxeñaría Telemática	4
Máster Universitario en Matemática Industrial	30

Escola de Enxeñería Industrial	**3.411**
Enxeñeiro Industrial	348
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade	2
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electrónica Industrial	14
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Mecánica	7
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Química Industrial	2
Enxeñeiro de Organización Industrial	5
Grao en Enxeñería Electrónica Industrial e Automática	508
Grao en Enxeñaría Eléctrica	233
Grao en Enxeñaría Mecánica	881
Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	382
Grao en Enxeñaría en Química Industrial	202
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	449
Máster Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, prevención e control	18
Máster Univ. en Dirección e Xestión da Loxística e Cadea de Subministración	6
Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade	39
Máster Universitario en Enxeñaría Química	2
Máster Universitario en Enxeñaría Industrial	78
Máster Universitario en Mecatrónica	55
Máster Universitario en Enxeñaría da Construción	29
Máster Universitario en Enxeñaría de Organización	4
Máster Universitario en Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	35
Máster Univ. en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	3
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais	53
Máster Universitario en Enxeñaría da Automoción	56
Escola Universitaria de Estudos Empresariais	**444**
Grao en Comercio	353
Máster Universitario en Comercio Internacional	54
Máster Universitario en Dirección de PEMES	37
E.T.S. de Enxeñaría de Minas	**483**
Enxeñeiro de Minas	66
Grao en Enxeñaría da Enerxía	239
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	130
Máster Universitario en Tecnoloxía Medioambiental	1

Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	35
Máster Universitario en Xeoinformática	12
Facultade de Bioloxía	**609**
Grao en Bioloxía	343
Licenciado en Bioloxía	12
Máster Universitario en Acuicultura	17
Máster Universitario en Neurociencia	5
Máster Universitario no Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, FP	168
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	32
Máster Universitario en Bioloxía Mariña	20
Máster Univ. en CC. Biolóxicas: Bioloxía Molecular, Computacional e Ambiental	12
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	**1.581**
Grao en Administración e Dirección de Empresas	1.040
Grao en Economía	307
Grao en Administración e Dirección de Empresas / Grao en Dereito	85
Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	27
Licenciado en Economía	2
Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas	22
Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos	3
Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	2
Máster Universitario en Técnicas Estatísticas	26
Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible	29
Máster Universitario en Económica, Mercados Financeiros e Empresa	2
Máster Universitario en Finanzas	36
Facultade de Ciencias do Mar	**317**
Grao en Ciencias do Mar	289
Licenciado en Ciencias do Mar	19
Máster Universitario en Oceanografía	9
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	**1.096**
Grao en Dereito	419
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	401
Licenciado en Dereito (Rama Económico-Empresarial)	52

Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	33
Máster Universitario en Ordenación Xurídica do Mercado	32
Máster Universitario en Avogacía	129
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	30
Máster Universitario en Dereito de Empresa	32
Facultade de Filoloxía e Tradución	**1.007**
Grao en Estudios de Galego e Español	62
Grao en Linguas Estranxeiras	212
Grao en Tradución e Interpretación	542
Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	51
Licenciado en Filoloxía Galega	6
Licenciado en Filoloxía Hispánica	1
Licenciado en Filoloxía Inglesa	1
Licenciado en Tradución e Interpretación	8
Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	6
Máster Universitario en Teatro e Artes Escénicas	36
Máster Universitario en Tradución Multimedia	30
Máster Universitario en Lingua e Comunicación nos Negocios	4
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	11
Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional	37
Facultade de Química	**260**
Grao en Química	222
Licenciado en Química	5
Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional	1
Máster Univ. en Ciencia e Tecnoloxía da Conservación de Produtos de Pesca	19
Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial	13
E.U de Enfermería (Meixoeiro – Centro Adscrito)	**206**
Grao en Enfermería	206
E.U. de Enfermería (Povisa – Centro Adscrito)	**262**
Grao en Enfermería	262
E.U. de Formación do Profesorado de E.X.B (Centro Adscrito)	**363**

Grao en Educación Infantil	148
Grao en Educación Primaria	215
Escola de Negocias Afundación	**268**
Grao en Administración e Dirección de Empresas	171
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)	97
TOTAL CAMPUS VIGO	**11.265**

PROGRAMA PARA MAIORES	**637**
Graduado Superior Sénior	191
Graduado Universitario Sénior	446
Alumnos por convenios con outras universidades	**96**
Alumnos en réxime de visitantes	**4**
Alumnos por programa Erasmus	**401**
Alumnos programas internacionais	**20**
TERCEIRO CICLO	**1.352**
Cursos de Doutoramento	1.352
TOTAL UNIVERSIDADE	**22.029**

PROFESORES E AXUDANTES ANO 2015

FUNCIONARIOS	Nº
Catedráticos de Escola Universitaria	25
Catedráticos de Universidade	137
Titulares de Escola Universitaria	76
Titulares de Universidade	580
Total	**818**

LABORAIS	Nº
Interinos	3
Asociados	236
Titulares de Escola Universitaria (laborais)	7
Axudantes	6
Axudantes Doutores	40
Contratados Doutores	250
Lectores	4
Eméritos	4
Total	**550**

TOTAL	**1.386**

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) ANO 2015

FUNCIONARIOS	360
PERSOAL LABORAL	330
PERSOAL EVENTUAL E ALTOS CARGOS	8
TOTAL	**698**

OUTRO PERSOAL INVESTIGADOR ANO 2015

PERSOAL DE PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN	322
PERSOAL CONTRATADO CON CARGO A PROXECTOS	677
BOLSEIROS INVESTIGACIÓN E PROXECTOS	92
PERSOAL TÉCNICO DE PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN	31
TOTAL	**1.122**

EL GRAN CAMBIO

VOLVER A LA UNIVERSIDAD

Consello Social
Universidade de Vigo